

# Memoria de resposabilidade social da USC

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# 1

# Carta de presentación do reitor



Rematado o 2004 temos que estar orgullosos do traballo da Universidade de Santiago de Compostela. E penso que ese orgullo de todas as persoas que constituímos a USC debe ser transmitido e apreciado por toda a sociedade, e pola sociedade galega en particular.

A difícil situación económico-financeira coa que nos enfrontamos foi afrontada cun importante esforzo de responsabilidade, que se plasmou na aprobación do Plan de Equilibrio Económico-Financeiro 2004-2006 (PEEF). Na súa elaboración participaron os estamentos que representan a todos os membros da USC, sendo aprobado polo Consello de Goberno, e posteriormente polo Consello Social, ente que representa os intereses da comunidade e sociedade galegas no goberno da USC.

Coa publicación desta segunda Memoria de Responsabilidade Social reforzamos o noso compromiso cun novo modelo de rendición de contas das universidades públicas. Estamos seguros que pronto se incorporarán outras universidades a este camiño que iniciou a USC, algo que esperamos con agrado e que, sen dúbida, nos servirá á súa vez para continuar e mellorar o noso propio traballo.

Pero se o propio feito de render contas ao conxunto da sociedade nos parece básico, que estas contas reflictan avances significativos cos nosos compromisos sociais, ambientais e de desenvolvemento económico, como se pon de manifesto nesta Memoria, supón para a nosa comunidade universitaria, cada vez máis activa nestes eidos, un motivo de lexítimo orgullo.

A mellora continua na calidade da nosa oferta docente, o impacto crecente da nosa investigación, o empeño en liderar unha nova época que estará marcada polas universidades emprendedoras, son aspectos que tamén se poñen de manifesto nesta Memoria.

En definitiva, continuamos facendo o que, dándose por suposto, é o reto máis difícil de acadar, que é cumprir coa sociedade galega, cos nosos estudantes e cos nosos traballadores, abrindo un camiño no ámbito da responsabilidade social das universidades que xa comeza a ser un referente a nivel nacional.

Senén Barro Ameneiro
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

# 2

# O compromiso social da USC: misión, visión e valores

## 2
## O compromiso social da USC: misión, visión e valores

A Universidade de Santiago de Compostela estableceu no seu Plan Estratéxico o lema "O COÑECEMENTO AO SERVIZO DA SOCIEDADE" coma parte esencial do seu cometido.

Baixo este lema, definiuse a misión da USC: "*universidade completa e empredendora con campus de crecemento equilibrado para dar resposta as demandas da sociedade a través de servizos de calidade*". Todo isto vén condicionado pola necesaria adaptación da Universidade ao novo Espazo Europeo de Ensino Superior.

A nosa Universidade, non debe só aspirar a "estar" neste novo espazo, senón a "ser" unha Universidade de referencia nel. Con estes argumentos, temos que seguir avanzando cara a unha política integral de calidade –nos eidos docente, investigador, de servizos e da administración–, con vontade de seguir mellorando no que xa facemos ben, desenvolver o que é importante e oportuno e aínda non facemos, e corrixir o que realizamos de modo deficiente.

Deste xeito, e co compromiso da mellora continua, os nosos esforzos oriéntanse cara a consecución da formación integral a través da cualificación académica e profesional dos estudantes e a constante actualización do coñecemento que se imparte, da excelencia na investigación, e da eficacia e eficiencia na xestión.

Estas expectativas, que confeccionan o marco de actuación da organización con todos os seus grupos de interese, xiran en torno aos seguintes principios e valores:

- Honradez e transparencia no rendemento de contas
- Respecto a diversidade
- Compromiso ético
- Solidariedade e servizo a comunidade
- Orientación das súas actividades conforme a condición de servizo público
- Formación de mentes críticas e abertas
- Conservación do medio
- Constante adaptación aos cambios

Co obxecto de dar cumprimento a estes compromisos, e en base aos valores definidos, establécense liñas de actuación, que van, dende a necesidade de transparencia e información, á acción solidaria, e que se resumen na Programación Plurianual da USC para os anos 2004-2006:

1. Establecemento e implementación dun sistema institucional de rendemento de contas de actividade á sociedade, do tipo das Memorias de Sustentabilidade.
2. Desenvolvemento dun Plan de Comunicación interna e externa.
3. Potenciación do programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC.
4. Desenvolvemento de políticas activas de incorporación e integración de estudantes con necesidades especiais.
5. Implementación do Plan de Desenvolvemento Sostible.
6. Desenvolvemento do compromiso social e solidario da Comunidade Universitaria da USC.
7. Desenvolvemento da acción cultural e deportiva da USC.
8. Reforzamento do apoio á incorporación laboral dos estudantes e egresados
9. Elaboración e implementación dun Plan de fidelización de estudantes e empresas usuarias de servizos da USC.

Para a consecución destes obxectivos, é necesario contar coa participación de toda a comunidade universitaria, sendo responsabilidade do Equipo de Dirección o estímulo a todos os seus membros do empeño colectivo, e en especial ao persoal da institución; empeño colectivo que debe estar guiado polo noso Plan Estratéxico, aprobado no ano 2001.

Por tanto, o compromiso de non abandonar os principios de transparencia no rendemento de contas e manter unha liña permanente de bo goberno, así como o compromiso social, co desenvolvemento sostible, e a corrección progresiva dos desequilibrios aínda patentes nalgunhas das nosas unidades estruturais, servizos e campus, deben ser liñas consubstanciais á acción da dirección na USC.

Deste xeito, tendo en conta o escenario de actuación no que nos imos desenvolver nos vindeiros anos, e coñecendo os recursos, tanto humanos coma materiais, dos que dipoñemos, poderemos establecer mellores estratexias co fin de reorientar os nosos esforzos cara a consecución dos nosos obxetivos .

2

# 3

# O alcance da memoria de responsabilidade social 2004

## 3
## O alcance da memoria de responsabilidade social 2004



A USC, seguindo o modelo de rendición de contas iniciado no ano 2003, elabora a súa segunda Memoria de Responsabilidade Social, intentando dar resposta a todos os grupos de interese sobre o noso desempeño nos eidos económico, social, laboral e medioambiental, acaecido ao longo do ano 2004.

Deste xeito, e seguindo o criterio establecido na anterior Memoria, contempláronse datos e informacións do curso académico 2003/2004 (de outubro de 2003 a setembro de 2004, ambos inclusive), establecéndose, no caso de tratar informacións relacionadas coa xestión económica ou orzamentaria, o exercicio 2004 coma referente (de xaneiro a decembro inclusive).

O feito de ser a nosa segunda Memoria de Responsabilidade Social, levounos a realizar unha análise comparativa que mostrase a evolución das nosas actividades en relación aos datos obtidos no ano anterior. Este exercicio comparativo, permítenos amosar a evolución de certos indicadores ao longo dos anos 2003 e 2004. Nalgúns casos, dadas as características cualitativas do indicador, non se considerou procedente realizar unha comparación interanual.

É un feito salientable que o traballo do equipo implicado na elaboración da Memoria nos permitiu obter moitos máis datos que o exercicio anterior, tanto en termos cualitativos como cuantitativos, o cal nos levou a reformular o cadro de indicadores co fin de amosar a información máis relevante en termos comparativos.

En calquera caso, para a selección e presentación de indicadores tivéronse en conta en todo momento os criterios de: transparencia, globalidade, auditabilidade, exhaustividade, relevancia, contexto de sustentabilidade, precisión, neutralidade, comparabilidade, claridade e periodicidade.

No proceso de elaboración da Memoria tamén tiveron en conta as opinións e suxestións dos diferentes grupos de interese da USC, tanto internos coma externos, así como todos os comentarios recibidos sobre a nosa primeira memoria, conseguindo deste xeito unha maior representatividade dos colectivos que participan na vida institucional e académica da Universidade.

En relación á metodoloxía, mantivéronse os criterios establecidos na Guía GRI do 2002, principal referente internacional na elaboración de Memorias de Sostibilidade, así como os criterios establecidos polo noso equipo de cara as singularidades dunha Universidade, que o GRI non recolle. Como criterio de elaboración, e para simplificar e reducir os contidos, optouse por non reiterar certas cuestións e aclaracións respecto ás particularidades da Universidade en xeral e da USC en particular. Os que desexen ter mais información respecto a estas cuestións non vinculadas coa Responsabilidade Social, poden acudir a nosa Memoria do 2003 ou a nosa páxina web: http://www.usc.es

Por tanto, a publicación da nosa segunda Memoria de Responsabilidade Social é un novo paso adiante no afianzamento do compromiso do Claustro Universitario, constituíndo unha presentación equilibrada e razoable do desenvolvemento económico, social, laboral e medioambiental da nosa Universidade ao longo do ano 2004, ou do curso 2003/2004 segundo as cuestións consideradas.

# 4

# Datos contextualizadores da USC

## 4.1
## A localización da USC

Como resumo do que somos e da nosa dimensión presentamos a continuación unha serie de datos, que axudan a contextualizar  os nosos indicadores. Máis datos ao respecto pódense atopar no noso web: http://www.usc.es

SITUACIÓN DA USC




4.1

# 4.2
## Campus Universitarios e principais edificios e instalacións

### 4.2. A Campus de Santiago

CAMPUS DE SANTIAGO

1. Reitorado. Pazo de S. Xerome
2. Reitorado. Casa da Balconada
3. Biblioteca Xeral
4. Fac. de Xeografía e Historia
5. Fac. de Ciencias da Información
6. Instituto de Linguas Modernas
7. Instituto de la Lingua Galega
8. Consello Social - FEUGA
9. Arquivo Histórico
10. Facultade de Medicina
11. EU de Traballo Social
12. Facultade de Odontoloxía
13. EU de Enfermaría
14. CC da Educación - Campus Norte
15. Fac. de CC Económicas e Empresariais
16. Centro de Documentación Europea
17. Facultade de Filoloxía
18. Residencia U. Burgo das Nacións
19. Facultade de Químicas
20. Facultade de Dereito
21. Instituto de Criminoloxía
22. EU de Práctica Xurídica
23. EU de Relacións Laborais
24. Facultade de Ciencias Políticas
25. Facultade de Matemáticas
26. Facultade de Bioloxía
27. Facultade de Psicoloxía
28. Facultade de Filosofía
    CC da Educación
29. EU de Óptica
30. Facultade de Física
31. Facultade de Farmacia
32. Pavillón de Servizos Estudiantís
33. Servizo de Publicacións
34. Imprenta Universitaria
35. Pavillón de Servizos
36. Pavillón Polideportivo
37. Almacén de Servizo
38. Área de Animais de Experimentación
39. Estadio de Atletismo
40. CM (Fonseca, Rodríguez Cadarso e S. Clemente)
41. Instituto de Desenvolvemento de Galicia
42. Servizo de Medios Audiovisuais
43. CSIC
44. Escola Infantil Breogán




45. Auditorio
46. Observatorio
47. Piscina Universitaria
48. Residencia Univ. Monte da Condesa
49. Campo de Fútbol
50. Fonoteca
52. Instituto Acuicultura
53. Instituto Investigación e Análise Alimentaria
54. Instituto Universitario de Investigacións Tecnolóxicas

# 4.2. B Campus de Lugo

CAMPUS DE LUGO

1. EU. de Maxisterio
2. EU. de Enfermaría
   EU. de Relacións Laborais
3. Facultade de Veterinaria
4. Escola Politécnica Superior
5. Biblioteca Intercentros
   Servizos Administrativos
6. Palacio dos Deportes Universitario
   Pistas de Atletismo
7. EU. de Estudos Empresariais
8. Facultade de Ciencias e Humanidades
9. Residencia Universitaria
10. Ampliación da Escola Politécnica Superior






# 4.3
# Goberno da USC

## 4.3. A Consello da dirección da USC

- Reitor
- Vicerreitor de Calidade e Planificación Estratéxica
- Vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo
  - Vicerreitora Adxunta de Economía e Infraestruturas
  - Vicerreitor Adxunto de Investigación, Terceiro Ciclo e Extensión Docente
  - Vicerreitor Adxunto de Organización Académica e Servizos á Comunidade Universitaria
- Vicerreitor de Economía e Financiamento
- Vicerreitora de Estudantes e Relacións Institucionais
- Vicerreitora de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria
- Vicerreitor de Investigación e Innovación
- Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado
- Vicerreitor de Terceiro Ciclo e Extensión Docente
- Secretario Xeral
- Xerente

## 4.3. B Órganos de goberno colexiados

- Claustro Universitario
- Consello de Goberno
- Consello Social



4.3

# 4.4

## Oferta de titulacións da USC. Curso académico 2003/2004

### 4.4. A Titulacións oficiais

**Ciencias da Saúde**

Diplomatura en Enfermaría
Diplomatura en Enfermaría (Lugo) - adscrita
Licenciatura en Farmacia
Licenciatura en Medicina
Licenciatura en Odontoloxía
Licenciatura en Veterinaria (Lugo)

**Ciencias Experimentais**

Diplomatura en Óptica e Optometría
Licenciatura en Bioloxía
Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (2º ciclo) (Lugo)
Licenciatura en Física
Licenciatura en Matemáticas
Licenciatura en Química
Licenciatura en Química (2º ciclo) (Lugo)

**Ciencias Xurídicas e Sociais**

Diplomatura en Ciencias Empresariais (Lugo)
Diplomatura en Educación Social
Diplomatura en Relacións Laborais
Diplomatura en Relacións Laborais (Lugo) - adscrita
Diplomatura en Traballo Social
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (2º ciclo) (Lugo)
Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración
Licenciatura en Comunicación Audiovisual (conxuntamente coa Universidade de Vigo)
Licenciatura en Dereito (Plan 1953)
Licenciatura en Dereito (Plan 2003)
Licenciatura en Economía
Licenciatura en Pedagoxía
Licenciatura en Psicoloxía
Licenciatura en Psicopedagoxía (2º ciclo)
Licenciatura en Xornalismo
Mestre, especialidade de Educación Física (Lugo)
Mestre, especialidade de Educación Infantil
Mestre, especialidade de Educación Infantil (Lugo)
Mestre, especialidade de Educación Musical
Mestre, especialidade de Educación Primaria
Mestre, especialidade de Educación Primaria (Lugo)
Mestre, especialidade de Lingua Estranxeira
Mestre, especialidade de Lingua Estranxeira (Lugo)

**Ensinanzas Técnicas**

Enxeñaría Agrónoma (2º ciclo) (Lugo)
Enxeñaría de Montes (2º ciclo) (Lugo)
Enxeñaría Química
Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Explotacións Agropecuarias (Lugo)
Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Hortofruticultura e Xardineria (Lugo)
Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias (Lugo)
Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Mecanización e Construcións Rurais (Lugo)
Enxeñaría Técnica Forestal, especialidade en Explotacións Forestais (Lugo)
Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Química Industrial (Lugo)
Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas
Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, especialidade en Transportes e Servizos Urbanos (Lugo)
Enxeñaría Técnica en Topografía (Lugo)

**Humanidades**

Licenciatura en Filoloxía Alemana
Licenciatura en Filoloxía Clásica
Licenciatura en Filoloxía Francesa
Licenciatura en Filoloxía Galega
Licenciatura en Filoloxía Hispánica
Licenciatura en Filoloxía Hispánica (Lugo)
Licenciatura en Filoloxía Inglesa
Licenciatura en Filoloxía Italiana
Licenciatura en Filoloxía Portuguesa
Licenciatura en Filoloxía Románica
Licenciatura en Filosofía
Licenciatura en Historia
Licenciatura en Historia da Arte
Licenciatura en Humanidades (Lugo)
Licenciatura en Xeografía

4.4

## 4.4. B Titulacións propias

### Titulacións de 1º ciclo

Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública
Diploma en Empresas Hostaleiras

### Titulacións de 2º ciclo

Gran Diploma de Xestión e Dirección de Empresas Hostaleiras
Graduado Superior en Biotecnoloxía
Graduado Superior en Enxeñaría Ambiental
Graduado Superior en Xerontoloxía
Graduado Superior en Tecnoloxías da Información e da Comunicación

## 4.4. C Centros, facultades e escolas universitarias

### Campus de Santiago

Facultade de Bioloxía
Facultade de Ciencias da Comunicación
Facultade de Ciencias da Educación
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
Facultade de Dereito
Facultade de Farmacia
Facultade de Filoloxía
Facultade de Filosofía
Facultade de Física
Facultade de Matemáticas
Facultade de Medicina e Odontoloxía
Facultade de Psicoloxía
Facultade de Química
Facultade de Xeografía e Historia
Escola Técnica Superior de Enxeñaría
Escola Universitaria de Enfermaría
Escola Universitaria de Óptica e Optometría
Escola Universitaria de Relacións Laborais

### Campus de Lugo

Facultade de Administración e Dirección de Empresas
Facultade de Ciencias
Facultade de Humanidades
Facultade de Veterinaria
Escola Politécnica Superior
Escola Universitaria de Formación do Profesorado



### Outros Centros

Centro de Estudos Avanzados (CEA) - Casa Europa
Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua (CPTF)
Escola de Práctica Xurídica

### Centros adscritos e vinculados

Centro Superior de Hostalaría de Galicia (Santiago)
Escola Universitaria de Enfermaría (Lugo)
Escola Universitaria de Relacións Laborais (Lugo)
Escola Universitaria de Traballo Social (Santiago)

4.4

## 4.4. C Departamentos

### Área de Ciencias da Saúde

Anatomía e Produción Animal
Anatomía Patolóxica e Ciencias Forenses
Bioquímica e Bioloxía Molecular
Ciencias Clínicas Veterinarias
Ciencias Morfolóxicas
Cirurxía
Dermatoloxía e Otorrinolaringoloxía
Enfermaría
Estomatoloxía
Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica
Farmacoloxía
Fisioloxía
Medicina
Microbioloxía e Parasitoloxía
Obstetricia e Xinecoloxía
Patoloxía Animal
Pediatría
Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública

### Área de Ciencias Experimentais

Álxebra
Análise Matemática
Bioloxía Animal
Bioloxía Celular e Ecoloxía
Botánica
Edafoloxía e Química Agrícola
Electrónica e Computación
Estatística e Investigación Operativa
Física Aplicada
Física da Materia Condensada
Física de Partículas
Fisioloxía Vexetal
Matemática Aplicada
Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
Química Física
Química Inorgánica
Química Orgánica
Xenética
Xeometría e Topoloxía

### Área de Ciencias Sociais e Xurídicas

Ciencias da Comunicación
Ciencia Política e da Administración
Dereito Común
Dereito Mercantil e do Traballo
Dereito Público e Teoría do Estado
Dereito Público Especial
Didáctica da Expresión Musical, Plástica e Corporal
Didáctica das Ciencias Experimentais
Didáctica da Lingua e a Literatura e das Ciencias Sociais
Didáctica e Organización Escolar
Economía Aplicada
Economía Financeira e Contabilidade
Fundamentos da Análise Económica
Historia e Institucións Económicas
Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa
Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
Organización de Empresas e Comercialización
Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía
Psicoloxía Evolutiva e da Educación
Psicoloxía Social e Básica
Socioloxía
Teoría e Historia da Educación

### Área de Ensinanzas Técnicas

Enxeñaría Agroforestal
Enxeñaría Química
Produción Vexetal

### Área de Humanidades

Filoloxía Alemana
Filoloxía Francesa e Italiana
Filoloxía Galega
Filoloxía Inglesa
Filosofía e Antropoloxía Social
Historia Contemporánea e de América
Historia da Arte
Historia I
Historia Medieval e Moderna
Latín e Grego
Lingua Española
Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral
Lóxica e Filosofía Moral
Xeografía

# 4.4. D Institutos e centros de investigación

## Institutos

Instituto da Lingua Galega (ILG)
Instituto de Acuicultura
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)
Instituto de Cerámica
Instituto de Ciencias da Educación (ICE)
Instituto de Ciencias Neurolóxicas "Pedro Barrié de la Maza"
Instituto de Criminoloxía
Instituto de Dereito Industrial
Instituto de Estudios e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
Instituto de Farmacia Industrial
Instituto de Informática
Instituto de Investigación e Análises Alimentarias
Instituto de Investigacións Tecnolóxicas
Instituto de Matemáticas
Instituto de Medicina Legal
Instituto de Ortopedia e Banco de Tecidos Musculoesqueléticos
Instituto Galego de Física de Altas Enerxías

## Centros Propios de investigación

Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP)
Centro de Estudos de Historia da Cidade
Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR)
Centro de Estudos Fílmicos (CEFILMUS)



4.4

# 4.5
# Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela. BUSC.

### Bibliotecas intercentros

- Física e Óptica
- Filosofía, Psicoloxía e Ciencias da Educación
- Biblioteca Xurídica Concepción Arenal
- Biblioteca Intercentros (Lugo)

### Bibliotecas de centros

- Medicina e Odontoloxía
- Xeografía e Historia
- Ciencias Económicas e Empresariais
- Filoloxía
- Enfermaría
- Ciencias da Comunicación
- Bioloxía
- Farmacia
- Matemáticas
- Química
- E.U. de Formación do Profesorado (Lugo)

### Bibliotecas adscritas

- ICE (a intercentros de Filosofía, Psicoloxía e Ciencias da Educación)
- Observatorio (a Matemáticas)

### Punto de servizo adscrito

- ETSE (a Química)

4.5

# 4.6
## A USC en cifras: datos relevantes

| | |
|---|---|
| **Estrutura da USC (2004)** | |
| Campus universitarios | 2 |
| Metros cadrados construídos | 465.172 $m^2$ |
| Espazo ocupado pola USC | 68 Hectáreas |
| **Estudantes matriculados 2003-04** | |
| En Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo | 33.191 |
| En Titulacións propias | 179 |
| **Recursos humanos decembro 2004** | |
| Persoal Docente e Investigador | 2.149 |
| Persoal de Administración e Servizos | 1.087 |
| **Infraestrutura e servizos (2004)** | |
| Postos de lectura en bibliotecas | 6.680 |
| Ordenadores en aulas de informática | 1.621 |
| Prazas ofertadas no Servizo Universitario de Residencias | 1.660 |

| Orzamento por capítulos | Ingresos | Gastos |
|---|---|---|
| I.Gastos de persoal | | 119.099.318,72 € |
| II.Gastos en bens correntes e servizos | | 32.795.581,63 € |
| III.Prezos públicos e outros ingresos /Gastos Financeiros | 42.012.437,86 € | 430.641,60 € |
| IV.Transferencias correntes | 114.233.979,42 € | 430.641,60 € |
| V.Ingresos patrimoniais | | 567.119,76 € |
| VI.Investimentos reais | 7.330.000,00 € | 94.877.476,41 € |
| VII.Transferencias de capital | 36.945.169,49 € | 83.190,00 € |
| VIII.Variación activos financeiros (remanente de tesourería) | 29.011.764,79 € | 1.071,43 € |
| IX.Variación de pasivos financeiros | 22.870.120,00 € | 780.120,00 € |
| TOTAL | 252.970.591,32 € | 252.970.591,32 € |

(*) Tanto os datos de ingresos como os de gastos corresponden ao orzamento definitivo



4.6

### Estruturas de apoio á investigación

- Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT)
- Rede de Infraestruturas de apoio á investigación e ao desenvolvemento tecnolóxico (RIAIDT)
- Biblioteca Universitaria
- Arquivo Histórico Universitario (AHUSC)
- Outros Servizos
  (Museo de Historia Natural Luís Iglesias, Observatorio Astronómico Ramón Mª Aller, Estación de Bioloxía Mariña da Graña, Estación de Hidroloxía do "Encoro do Con" e Herbario de Santiago)

### Estruturas de transferencia da Investigación

- Centro de Innovación e Transferencia de Tecnoloxía (CITT)

### Estruturas de Emprendemento

- UNIEMPRENDE
- UNINOVA
- UNIRISCO
- UNIBAN
- ÁREA DE AUTOEMPREGO

### Comunicacións

No seu conxunto o número de equipos conectados en máis de 100 VLAN´s, 2 cidades (Santiago de Compostela e Lugo), 2 Campus, 80 edificios, 160 armarios, 300 equipos de rede e de máis de 7000 ordenadores)

Rede sen fíos
Rede de datos. 424 puntos de acceso sen fíos
87% de cubertura de espazos útiles

# 5

# Docencia e oferta académica

# 5 Docencia e oferta académica



A docencia, como non podía ser doutra maneira, continúa sendo unha das nosas preocupacións centrais, o que está supoñendo un importante esforzo nos últimos anos para adaptar as estruturas e medios dispoñibles ao novo paradigma do ensino público superior centrado na aprendizaxe e na converxencia ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Dito esforzo, e os conseguintes procesos de adaptación, son abordados no marco do compromiso que temos asumido na Programación Plurianual 2004-2006, o que supón a búsqueda dun novo deseño e unha nova xestión de recursos que permitan afrontar o reto de desenvolver equilibradamente a actividade da USC no marco da realidade dunha universidade bicampus.

Froito desa adaptación ás novas necesidades sociais, ao longo do curso 2003-2004 levouse a cabo, en colaboración coa Universidade de Vigo, unha experiencia pioneira no Sistema Universitario de Galicia, deseñando e impartindo unha titulación conxuntamente. Esta nova fórmula de traballo, permitiu optimizar os recursos dispoñibles polas dúas Universidades, acadando e mellorando as sinerxias entre ambas institucións no plano académico, no concernente ao deseño e impartición do Plan de estudos, e administrativo, no que ten que ver coa xestión académica dos estudantes.

A procura da eficiencia e a calidade en todo o proceso académico levounos á implantación dun Sistema de Xestión da Calidade conforme á norma ISO 9001 na Área de Oferta e Xestión Académica, incluíndo as actividades desenvoltas polos Servizos de Xestión da Oferta e Programación Académica e o de Xestión Académica, que constitúen o núcleo do proceso da oferta académica da nosa Universidade.

Tamén é salientable, que a pesares dos condicionantes da nosa situación económica, se fixo un esforzo na mellora da docencia, do que cabe destacar:

- A continuación dos procesos de avaliación de satisfacion do estudantado e o profesorado
- A oferta de dúas novas titulacións propias
- A continuación dos Plans de avaliacións de titulacións, co resultado concreto da aprobación de 30 accións específicas de mellora en 9 titulacións
- A participación nun Proxecto piloto da ANECA dentro do Programa de Acreditación

# 5.1
# Capacidade docente e oferta académica

Destaca coma obxectivo permanente da USC a disposición dunha oferta de titulacións ben representada en todas as grandes áreas e a diversificación e ampliación dos estudos de posgrao e formación permanente.

5.1. A Adaptación da oferta académica as novas necesidades, creando catro novas titulacións oficiais de primeiro e segundo ciclo, dúas delas no campus de Lugo, co fin de reorientar os recursos dispoñibles na USC.

5.1. B Implantación dunha experiencia pioneira no Sistema Universitario Galego e unha das primeiras a nivel estatal, a través da creación dunha titulación (Comunicación Audiovisual) conxunta entre a USC e a Universidade de Vigo, supoñendo novas fórmulas de traballo conxunto entre universidades tanto no eido académico (elaboración do plan de estudos e impartición conxunta do mesmo) como no administrativo (procedementos de xestión de expedientes de estudantes que pertencen ao mesmo tempo ás dúas universidades).

Os estudantes que rematan a titulación, obterán o título de Licenciados en Comunicación Audiovisual polas Universidades de Santiago de Compostela e Vigo

5.1

Novas Titulacións Tecnolóxicas: Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas (en Santiago de Compostela), Enxeñaría Técnica en Topografía e Enxeñaría Técnica en Obras Públicas: Transportes e Servizos Urbanos (en Lugo)
Nova Titulación da área de Ciencias Sociais: Comunicación Audiovisual (en Santiago de Compostela).

| Áreas do saber | Nº titulacións Santiago de Compostela | Nº titulacións campus Lugo | Total |
|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 4 | 2 | **6** |
| Ciencias Experimentais | 5 | 2 | **7** |
| Ciencias Xurídicas e Sociais | 16 | 7 | **23** |
| Ensinanzas Técnicas | 2 | 10 | **12** |
| Humanidades | 13 | 2 | **15** |
| TOTAL | 40 | 23 | **63** |



5.1. C Mantemento do potencial docente, reflectido na importante proporción de persoal de alta cualificación con dedicación á docencia.

| | Ciencias da saúde | Ciencias experimentais | Ciencias xurídicas e sociais | Ciencias técnicas | Humanidades |
|---|---|---|---|---|---|
| Catedráticas/os de escola universitaria | 9 | 5 | 5 | 2 | 19 |
| Catedráticas/os de universidade | 53 | 123 | 61 | 13 | 55 |
| TOTAL | 62 | 128 | 66 | 15 | 74 |
| Profesor/a titular de escola universitaria | 19 | 29 | 26 | 21 | 42 |
| Profesor/a titular de universidade | 164 | 331 | 212 | 67 | 204 |
| TOTAL | 183 | 360 | 238 | 88 | 246 |

5.1. D Incorporación de novas titulacións propias en resposta ás demandas da sociedade, conseguindo optimizar os recursos dispoñibles, garantindo unha oferta académica ampla e completa, con titulacións en todas as grandes áreas do saber.

Oferta de 7 títulos propios; 2 de primeiro ciclo e 5 de segundo ciclo.

Botou a andar neste período a titulación propia do ámbito tecnolóxico de Graduado Superior en Biotecnoloxía, coa participación de profesores pertencentes a unha ampla variedade de áreas de coñecemento, e co obxectivo de que moi pronto poida converterse en titulación oficial da USC.

Aprobouse a creación do título (propio) de Especialización en Avogacía, Procuradoría e Práctica Xurídica, para acreditar o traballo na formación dos Licenciados en Dereito para a práctica profesional, que na Escola de Práctica Xurídica veñen desenvolvendo a USC e os Colexios Oficiais de Avogados e Procuradores de Santiago de Compostela.

5.1. E Completouse a reforma dos plans de estudos pendentes de adecuar á normativa vixente: Enxeñaría Química e, en especial, Dereito, cuxo plan de estudos databa do ano 1953.

5.2
## Satisfacción do estudantado

5.2. A Continuouse coas enquisas de avaliación realizada aos estudantes respecto da actuación docente do profesorado, orientadas á mellora da calidade docente, mantendo a liña ascendente, a diferenza dos resultados obtidos no curso 2002/2003 nos que a liña ascendente se rompía cunha baixada da media no 4º curso.

### 5.2. AVALIACIÓN DA DOCENCIA

Elaborouse un novo informe de avaliación da docencia para o curso académico 2003-2004, co que se quere achegar á comunidade universitaria e á sociedade en xeral os resultados obtidos na avaliación da satisfacción do estudantado da USC coa docencia recibida, así como as valoracións da satisfacción do profesorado coa docencia desenvolvida, en ambos casos nos ciclos primeiro e segundo e en cursos de posgrao.




Escala de valoración
De 0 (baixo/insatisfacción) a 5 (alto/satisfacción)



5.2

## Satisfacción do profesorado

5.2. B Continuouse coas enquisas ao profesorado para o curso académico 2003-2004, co fin de coñecer á relación dos profesores cos estudantes, a motivación para dar unha materia específica, os medios cos que contan e tamén, se é preciso algún tipo de formación complementaria cara ao futuro. Observouse unha tendencia xeral de maior satisfacción do profesorado.






Lenda do Cuestionario

P1. Os estudantes responden positivamente ao meu traballo na aula.
P2. Os estudantes amosan unha actitude de interese cara á materia que dou.
P3. Estou satisfeito/a coa relación creada cos estudantes na clase.
P4. O nivel co que chega o alumno (coñecementos e habilidades) é suficiente para tratar a materia.
P5. Coñezo o nivel de comprensión dos estudantes.
P6. A actitude dos estudantes ante a materia estimula o meu interese pola docencia desta.
P7. Síntome motivado para dar a docencia desta materia.
P8. Globalmente estou satisfeito/a co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases.
P9. Os servizos de apoio á docencia da USC cobren as miñas necesidades como docente nesta materia (Servimav, CeTA, Rede de Aulas de Informática...)
P10. Conto, no centro, cos recursos necesarios para a docencia desta materia.
P11. Estou interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da miña docencia.
P12. Apoio didáctico e pedagóxico xeral.
P13. Novas tecnoloxías aplicadas á docencia.
P14. Apoio didáctico e pedagóxico específico por áreas de coñecemento.

5.2

# 5.3
## Cultura da calidade e da mellora continua

5.3. A Continuouse cos procesos de avaliación das titulacións, conforme ao Plan de Avaliación Institucional (PEI) da Axencia Nacional da Avaliación da Calidade (ANECA), a través dun proceso estruturado en tres fases: autoavaliación, avaliación externa e informe final de resultados e plan de mellora.

Do mesmo xeito, fixéronse avaliacións de titulacións conforme o PEI da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Titulacións con avaliación rematada no ano 2004:

- Correspondentes ao II Plan de Calidade das Universidades:

| Titulación | Centro | Convocatoria |
| --- | --- | --- |
| Licenciatura en Filoloxía Galega | Facultade de Filoloxía | 2001 |
| Licenciatura en Historia del Arte | Facultade de Xeografía e Historia | 2002 |
| Licenciatura en Historia | Facultade de Xeografía e Historia | 2002 |
| Diplomatura en Educación Social | Fac. Ciencias da Educación | 2002 |
| Licenciatura en Psicopedagoxía | Fac. Ciencias da Educación | 2002 |
| Licenciatura en Pedagoxía | Fac. Ciencias da Educación | 2002 |

Titulacións avaliadas na convocatoria do curso 2003-04

- Programa de Avaliación Institucional ANECA

| Titulación | Centro |
| --- | --- |
| Licenciatura en Economía | Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais |
| Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas | Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais |
| Diplomatura en Ciencias Empresariais | Facultade de Administración e Dirección de Empresas (Lugo) |

- Programa de Avaliación Institucional ACSUG

| Titulación | Centro |
| --- | --- |
| Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración | Facultade de Ciencias Políticas e Sociais |
| Licenciatura en Filosofía | Facultade de Filosofía |

- Programa de Acreditación. Proxecto piloto (ANECA)

| Titulación | Centro |
| --- | --- |
| Licenciatura en Psicoloxía | Fac. Psicoloxía |
| Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Química Industrial | Fac. Ciencias |



5.3. B Establecéronse accións de mellora, correspondentes á convocatoria 2004-05, en función dos resultados obtidos no proceso previo de avaliación, desenvolvéndose un total de 30 actuacións, principalmente no campo das TICs, infraestruturas e formación docente, por un importe total de 135.000 euros.

5.3. C No marco do plan de mellora da calidade do ensino consolidáronse e puxéronse en marcha as seguintes accións

- Posta en marcha dun plan dirixido a conseguir que os programas de todas as materias e titulacións da USC figuren en galego, castelán e inglés.

- Consolidouse e ampliouse a oferta de materias “ponte” entre o ensino secundario e o universitario aos estudantes que ían cursar titulacións nas que se requería unha formación específica de base complementaria, pasando a impartirse de xeito intensivo na segunda quincena de setembro.

- Analizáronse os resultados daquelas disciplinas nas que os resultados se desvían significativamente da media, para avaliar conxuntamente cos centros, departamentos e profesores responsables das mesmas, as causas de ditos resultados e tratar de correxilas.

- Continuouse co programa de apoio titorial extraordinario para os estudantes cun máximo de dúas materias pendentes e con catro convocatorias esgotadas en cada unha. Dende o comezo deste programa no ano 2003, fixeron uso deste apoio titorial 141 estudantes, superando 112 deles as materias para as que solicitaron apoio.

- Concedéronse axudas para a realización de proxectos de innovación educativa, desenvolvidas a través dos recursos do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) e máis do Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CeTA), poñéndose en marcha 7 actividades de formación nas que participaron 176 profesores.

5.3. D Lévase a cabo a avaliación externa da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC) no marco do II Plan de Calidade das Universidades.

A avaliación supuxo o primeiro paso para abordar a elaboración do Plan Estratéxico da BUSC nos vindeiros anos.

5.3

5.3. E Concedéronse recoñecementos en materia de innovación educativa, no marco do Plan de Calidade da USC, a iniciativas xurdidas na propia Universidade. Os recoñecementos forón outorgados pola Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, o Instituto de Ciencias da Educación (ICE) e a propia USC.



Concesión de 4 premios de innovación educativa e 3 accésits. As iniciativas partiron das facultades de Ciencias da Educación, de Matemáticas, de Dereito, de Psicoloxía, de Física, de Ciencias da Comunicación, de Química e de Bioloxía, en Santiago de Compostela; e da de Veterinaria e da Escola Politécnica Superior, en Lugo.

5.3. F Organizáronse, en colaboración co Instituto de Ciencias da Educación (ICE) e dentro do Programa de Formación e Innovación Docente do Profesorado, diversos cursos que van dende a iniciación no manexo das novas tecnoloxías ata o adestramento en distintas habilidades necesarias para unha mellor organización e realización da docencia.

Iniciouse o Programa de Formación e Innovación docente en novembro de 2004.

5.3. G Participación nun proxecto piloto dentro do Programa de Acreditación da ANECA, co obxecto de comprobar se os resultados da formación dos graduados responden aos obxectivos preestablecidos, valorando se as competencias adquiridas polos estudantes son as demandadas polo mercado de traballo.

As titulacións que participaron no programa de acreditación foron:
Licenciatura en Psicoloxía, da Facultade de Psicoloxía
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade Química Industrial, da Facultade de Ciencias (Campus Lugo)

Os proxectos piloto constituíron a base para establecer un futuro modelo de acreditación das ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial.

5.3. H Implantación e certificación dun Sistema de Xestión da Calidade conforme á norma ISO 9001:2000 na Área de Oferta e Xestión Académica, incluíndo os procesos desenvolvidos polos Servizos de Xestión da Oferta e Programación Académica e o de Xestión Académica.

Os procesos dividíronse en dous grandes bloques.

- Xestión da Oferta, incluíndose aspectos como as materias de libre elección, a determinación do límite de prazas, a elaboración e aprobación do Plan Docente Anual (PDA) e do Plan de Organización Docente (POD), que rematan na confección da Oferta Académica de primeiro e segundo ciclo.

- Xestión Académica, englobando a admisión, matrícula, adaptacións, validacións e recoñecementos, actas, actos académicos e certificacións e expedición de títulos.

5.3

# 5.4
## Espazo europeo de educación superior (EEES)

5.4. A Representación da USC nos principais foros de debate sobre a problemática da incorporación ao espazo europeo de educación superior, levando a cabo accións concretas de información e formación no marco da Universidade.

- Posta en marcha por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) dun programa de apoio ao proceso de converxencia nas universidades galegas, cun destacado papel dos encargados da USC no proceso de converxencia europea.

5.4. B Desenvolvemento de xornadas de información e formación do profesorado a través de experiencias piloto de implantación dos créditos ECTS (European Credit Transfer and Acumulation System) en varias materias de distintas titulacións, en colaboración coa Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACUSG), incorporándose así mesmo un módulo relacionado co Espazo Europeo no novo programa de formación e innovación docente.



- Experiencia piloto nas tres universidades de Galicia coa participación das titulacións de Bioloxía, Dereito, Enfermaría e Filoloxía.

5.4

# 6

## Fomento da investigación e novas tecnoloxías

## 6.1
## Fomento da investigación e novas tecnoloxías



A USC estableceu unha serie de obxectivos concretos no seu Plan Estratéxico 2000-2010 co fin de consolidarse no futuro coma Universidade de referencia en materia de Investigación en Galicia. Co fin de avanzar na súa consecución estanse a desenvolver liñas de actuación específicas, entre as que cabe destacar as seguintes:

- Establecemento dunha cultura de calidade e mellora continua
- Promoción da proxección socioeconómica da actividade investigadora
- Garantía da investigación a partir da consolidación equilibrada de unidades organizativas e grupos de investigación capaces de manter unha proxección competitiva
- Potenciación das infraestruturas e servizos co fin de mellorar a xestión de apoio a I+D.

Como resultado destas actuacións, actualmente cabe resaltar o peso relativo da USC en relación ao Sistema Universitario de Galicia (SUG) no ámbito do I+D, con máis do 40% dos investigadores equivalentes a dedicación plena do SUG e o 40-50% das solicitudes de patentes do SUG.

Do mesmo xeito, durante o período 2002-2004, a USC aumentou a súa proxección social e económica no relativo a actividades de investigación e servizos de innovación, converténdose no primeiro recurso xerador de coñecemento de Galicia, e ocupando o 7° lugar entre as universidades máis activas do sistema universitario español.

Tamén é salientable a capacidade científica da USC, proxectándose sobre a meirande parte dos ámbitos sociais e económicos de Galicia, particularmente sobre áreas como a Biomedicina, os Recursos Mariños e a Acuicultura, a Seguridade Alimentaria, a Xestión Ambiental, a Xestión Cultural e o Patrimonio Histórico, a Produción Agroforestal e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación, entre outras.

Profundizouse na internacionalización de UNIEMPRENDE a través da creación da Rede UNIEMPRENDE, permitindo dar servizo a emprendedores doutras universidades estranxeiras, creando unha rede moito máis ampla e forte de universidades e empresas, e optimizando así os recursos invertidos na oferta de servizos

Do mesmo xeito, continuouse coa creación de empresas spin-off, en diversos campos, a través do programa UNIEMPRENDE, de tal xeito que baixo o marco do Centro de Innovación e Transferencia de Tecnoloxía (CITT) se xestionen o Programa EMPRESA-CONCEPTO, co patrocinio da Dirección Xeral de I+D, e o Programa UNIEMPRENDIA, promovido pola USC e a Rede OTRI de Universidades Españolas (CRUE).

## 6.2
## Recursos para a investigación

6.2. A Manterse coma principal referente investigador da Comunidade Autónoma de Galicia, grazas ao seu potencial investigador.

| | 2003 | | 2004 | |
|---|---|---|---|---|
| | **Número** | **Porcentaxe sobre o total do PDI da USC** | **Número** | **Porcentaxe sobre o total do PDI da USC** |
| PDI con proxectos e/ou contratos | 520 | 24% | 575 | 26% |
| PDI con produción científica e/ou contratos/proxectos | 1.600 | 74% | 1.650 | 76% |

A USC integra ao 51% dos investigadores (PDI) do Sistema Universitario de Galicia (o que significa case o 40% da capacidade científica total da Comunidade Autónoma)

6.2. B Incorporación de forma sistemática dos investigadores e egresados novos ás actividades de investigación da USC, xerando unha política activa de formación que permite estar formando desde a USC á mais importante xeración de capital humano da Comunidade Autónoma de Galicia.

Distribución do persoal contratado e bolseiras/os con cargo a actividades de investigación

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Convocatorias nacionais | | |
| MEC – FPI/FPU | 60 | 64 |
| Ramón y Cajal | 15 | 9 |
| Juan de la Cierva | Non hai datos | (*)4 |
| Convocatorias autonómicas | | |
| Xunta – Terceiro Ciclo | Non hai datos | 63 |
| Xunta – Predoutorais | 139 | 149 |
| Xunta – FP2 | 36 | 18 |
| Parga Pondal | 19 | 18 |
| Técnicos RIADT | 21 | 21 |
| Convocatorias propias da USC | | |
| USC – Predoutorais | 20 | 19 |
| USC – Posdoutorais | 6 | 11 |
| Bolsas concedidas | 520 | 453 |
| Contratos formalizados | 809 | 828 |
| Total | 1645 | 1.657 |

(*) Sen convocatoria



6.2

6.2. C Promoción da progresiva reconversión dos programas de bolsas en contratos, na liña de avanzar no proceso de recoñecemento dunha desexable carreira investigadora, reconvertendo bolsas posdoutorais en contratos de investigación.

828 contratos de novos investigadores para desenvolver a súa actividade no marco de proxectos da USC,

6.2. D Reforzamento do potencial de alta cualificación da USC, reflectido no aumento de doutores sobre o total de PDI.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Número de doutores | 1.691 (78,2% do total de PDI) | 1.701 (78% do total do PDI) |

199 teses doutorais defendidas, representando cerca do 60% dos novos doutores de Galicia.

6.2. E Consolidación do convenio coa Dirección Xeral de I+D da Xunta de Galicia para o financiamento de contratos de técnicos de apoio á investigación con destino nas unidades e áreas da RIAIDT

Durante o ano 2004, incorporáronse:
- 5 técnicos superiores e 11 técnicos FP2, por un importe de 200.000 euros.
- 5 técnicos superiores e 2 técnicos FP2 a cargo de programas de formación da Xunta de Galicia.

6.2. F Ampla oferta de formación aos investigadores vinculados a USC, co obxecto de dotalos de capacidade para afrontar os retos que demanda a economía e a sociedade da información.

Inscrición de 1.050 licenciados no Rexistro de Investigadores en Formación da USC.

## Grupos de investigación

Máis alá dunha unidade de desenvolvemento curricular ou unha estrutura para a xestión de proxectos conxunturais, os grupos de investigación da USC amósanse coma unha unidade organizativa estable con recursos suficientes que desenvolven unha actividade investigadora competitiva e continuada, con capacidade de financiamento sostible.

Os grupos de investigación están constituídos, salvo excepcións debidamente xustificadas, por un mínimo de tres investigadores principais, debendo ser profesores doutores vinculados estatutaria ou contractualmente á USC.

Acadada a composición mínima, aos grupos poderán incorporarse outros membros do grupo de investigación, investigadores, colaboradores, persoal de apoio...

6.2. G Difusión, a toda a sociedade, das capacidades e potencial investigador da USC, abarcando todas as áreas socioeconómicas, a través do catálogo de investigadores e os grupos de investigación da USC.

O catálogo de investigadores e grupos de investigación ten como obxectivos:

- Potenciar o establecemento de unidades organizativas con masa crítica necesaria para abordar obxectivos competitivos e posibilitar a súa estabilidade e consolidación.
- Propiciar a converxencia e complementariedade en recursos e obxectivos entre investigadores e grupos no marco de unidades organizativas superiores (Institutos; Departamentos; Redes…).
- Posibilitar, abordar e completar ciclos científicos e tecnolóxicos, permitindo obter resultados con maior proxección e impacto.
- Favorecer a presenza dos grupos competitivos en convocatorias nacionais e internacionais.

Dende a creación do catálogo grupos de investigación no ano 1995 rexistráronse 870 grupos. No ano 2004 actualizouse o catálogo para adecualo aos obxectivos arriba definidos.

6.2. H Creación da unidade de avaliación de actividades farmacolóxicas de compostos químicos da RIAIDT, coma servizo de alta demanda e gran rendibilidade para os grupos de investigación implicados no campo do descubrimento de fármacos, dentro dun grupo de investigación do Departamento de Farmacoloxía da Facultade de Farmacia



6.2

## Recursos materiais

6.2. I Mantense o apoio e participación co Parque Científico da USC (UNIPARC)

Participación no marco do Consorcio Parque Científico-Tecnolóxico Universitario de Galicia, constituído coa participación das tres universidades galegas.

| Total investimentos segundo fonte de financiamento | |
|---|---|
| Parque científico | 6.500.000 € |
| Infraestruturas PGIDT | 1.800.000 € |
| Fondos FEDER | 12.018.000 € |

6.2. L Importante crecemento na captación de recursos en convocatorias competitivas acadados polos investigadores da USC.

**Proxectos de investigación, convocatorias públicas 1999-2004**

| | 1991-2001 | | 2002-2004 | |
|---|---|---|---|---|
| | € | Número | € | Número |
| Plan Galego de I+D | 14.603 | 506 | 17.801 | 577 |
| PN de I+D | 15.838 | 234 | 21.522 | 307 |
| Proxectos FISss | 357 | 9 | 3.089 | 21 |
| Proxectos Europeos | 3.657 | 47 | 4.753 | 46 |
| Infraestructura Xunta | 5.734 | 82 | 5.261 | 59 |
| Total | 40.188 | 878 | 52.427 | 1.010 |

6.2. M Mantense o apoio á investigación e á docencia a través da Biblioteca Universitaria (BUSC) e o esforzo orzamentario para a inversión en fondos, a pesar do Plan de Equilibrio Económico-Financiero para os vindeiros anos.

| | Ano 2003 | Ano 2003 Rebiun | Ano 2003 | Ano 2003 Rebiun |
|---|---|---|---|---|
| $m^2$ construídos por usuario de biblioteca (dato del SUG: 0,68) | 0,89 | 0,68 | 0,95 | 0,52 |
| Estudantes por posto de lectura (datos del SUG: 6,68) | 5,5 | 10,4 | 5,25 | 10,13 |
| Revistas vivas en papel por investigador (dato del SUG: 1,62) | 2,1 | 1,5 | 1,35 | 1,25 |
| Volumes informatizados (as 3 universidades do SUG teñen o 100% informatizado) | 96% | 85% | 100% | 85% |
| Inversión total en fondos bibliográficos (37,71% del total del SUG) | 3.307.746 | 41% | 2.811.675 | Non dispoñible |

6.2



6.2. N Ampliouse a oferta de acceso electrónico a revistas, libros e sumarios científicos, grazas ao servizo SweetsWise, permitindo a consulta ao texto completo das revistas ás que a BUSC ten acceso

| | 2004 |
|---|---|
| Títulos consultados a través do servizo SweetWise | 1.943 |
| Acceso aos sumarios das revistas | 21.521 |
| Consultas de abstracts | 649 |
| Accesos ao texto completo de artigos | 6.119 |

6.2. Ñ Importante aumento no número de recursos electrónicos dos que se pode dispoñer na actualidade, no seo do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (BUGalicia), no que participan as tres universidades galegas. Este aumento condiciona o número de revistas en papel, que vai diminuíndo.

13.605 títulos de revistas electrónicas
74 bases de datos en rede.

Mantívose a oferta do servizo SAFARI a través BUGalicia, onde as/os usuarias/os poden acceder a libros electrónicos

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Libros electrónicos dispoñibles para consultas | 110 | 102 |
| Consultas realizadas por usuarias/os a textos completos | 3.528 | 3.469 |



6.2

## Arquivo Histórico Universitario

6.2. O Importante actividade desenvolvida polo Arquivo Histórico Universitario (AHUSC), aumentando o número de consultas realizadas aos fondos por persoal investigador.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Consultas realizadas | 10.223 | 11.729 |

Ademais, no seo do AHUSC leváronse a cabo as seguintes actividades:

- Elaboración dun “Tesaurus” para unificar descritores.
- Programa de dixitalización, grazas ao convenio coa Consellería de Cultura instalándose unha nova versión de software de aplicación integral e o xestor de base de datos.
- Adquisición e adaptación de novos servidores.
- Aumento de postos de consulta na sala de investigadores.
- Saída a Internet coa base de datos e imaxes para o que se instalou un novo servidor WEB, con capacidade para 50 conexións simultáneas.
- Estudo dun acceso á base para protección de datos.
- Difusión cultural: neste ano prestáronse 93 pezas documentais para diversas mostras que tiveron lugar en diferentes cidades, non só en Santiago e noutros lugares de Galicia e España, senón tamén no estranxeiro, como as das cidades de Bratislava e Cracovia.

6.2. P Maior dotación de recursos dedicados o Arquivo Histórico Universitario (AHUSC), co fin de ofrecer aos investigadores da USC un fondo documental máis amplo e completo.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Cartafoles e atados (*) | 43.198 | 43.629 |
| Libros de consulta | 11.465 | 11.641 |
| Pergameos | 1.753 | 1.753 |
| Protocolos | 40.000 | 40.000 |
| Mapas e planos | 4.872 | 4.872 |
| Expedientes | 255.432 | 255.432 |
| Microfilmes | 2.917 | 2.917 |
| Imaxes dixitais | 1.000.000 | 1.000.000 |

(*) Inclúe Documentación Administrativa da USC

6.2. Q Mantemento da actividade editorial do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, tendo en conta os condicionantes da situación económica da USC, no que a dedicación de fondos se refire.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Teses publicadas | 121 | 92 |
| Revistas publicadas | 21 | 20 |
| Libros/ monografías publicadas | 50 | 45 |

6.2

# 6.3
## Oferta investigadora

6.3. A Aumento do número de actividades de investigación en case a totalidade de áreas temáticas e grandes disciplinas científicas.



Actividades de I+D 2004 por área temática (importe das actividades en euros).

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Economía | 489.746,98 € | 1.069.317,34 € |
| Estudos Sociais | 1.569.418,51 € | 2.283.204,34 € |
| Farmacoquímica e Tecnoloxía Farmacéutica | 328.164,93 € | 1.201.230,76 € |
| Materiais | 617.591,01 € | 1.814.447,58 € |
| Medio Ambiente | 4.467.540,79 € | 4.144.591,75 € |
| Promoción xeral do coñecemento | 5.013.969,54 € | 6.544.868,93 € |
| Produción Agraria e Agroindustria | 1.608.057,93 € | 1.339.784,18 € |
| Produción Industrial | 231.658,93 € | 659.510,65 € |
| Recursos Mariños e Acuicultura | 835.147,29 € | 2.092.545,92 € |
| Saúde | 7.150.903,44 € | 4.272.231,31 € |
| Non clasificadas | 1.276.113,06 € | 1.452.860,91 € |
| Tecnoloxía de Alimentos | 2.249.779,95 € | 1.960.603,11 € |
| Tecnoloxías da Información, Automatización e Comunicacións | 1.375.978,41 € | 754.489,82 € |
| Xestión do Patrimonio Histórico | 693.291,71 € | 764.808,23 € |
| TOTAL | 27.907.362,48 € | 30.354.494,83 € |

6.3

Actividades I+D 2003 vs 2004




Actividades de I+D 2004 vs 2003
Distribución por Gran Área Científica

| | 2003 | % 2003 | 2004 | % 2004 |
|---|---|---|---|---|
| Área de Ciencias Experimentais | 6.687.981,00 € | 24,0 | 9.570.797,00 € | 31,5 |
| Área de Ciencias da Saúde | 5.934.702,44 € | 21,3 | 5.378.968,83 € | 17,7 |
| Área de Ensinanzas Técnicas | 3.243.172,08 € | 11,6 | 2.805.982,10 € | 9,2 |
| Área de Ciencias Sociais e Xurídicas | 2.638.578,00 € | 9,4 | 2.058.951,00 € | 6,8 |
| Área de Humanidades | 1.868.982,07 € | 6,7 | 2.108.305,23 € | 7,0 |
| Non clasificadas | 7.533.947,31 € | 27,0 | 8.431.490,75 € | 27,8 |
| TOTAL | 27.907.362,90 € | | 30.354.494,91 € | |

6.3

6.3. B Incrementouse o número de reunións científicas xestionadas no ámbito da USC.

| | 2003 | | 2004 | |
|---|---|---|---|---|
| | Número | Importe | Número | Importe |
| Reunións científicas | 48 | 272.866 € | 73 | 255.086,72 € |

6.3. C Mantemento do apoio xeral á investigación, incrementándose as dotacións de infraestruturas dedicadas aos Institutos de Investigación da USC, a través de fondos FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) e da Xunta de Galicia.

Os institutos receptores foron os de Acuicultura, Cerámica, Investigacións Tecnolóxicas, Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) e o de Investigación e Análise Alimentarias.

O custo das actuacións foi de 2.231.000 €



6.3

# 6.4 Resultados da actividade investigadora

6.4. A Continuouse coa participación en todas as convocatorias de proxectos de I+D de ámbito autonómico, nacional e europeo, aumentándose o número de proxectos de investigación concedidos.

Proxectos de investigación




Desagregación por ámbito dos proxectos de I+D

| | 2003 | | 2004 | |
|---|---|---|---|---|
| | Número | Importe | Número | Importe |
| Proxectos e contratos coa UE | 19 | 1.165.032 € | 17 | 1.678.083,88 € |
| Proxectos de convocatorias nacionais | 101 | 8.328.996 € | 110 | 8.001.849,90 € |
| Proxectos de convocatorias autonómicas | 124 | 852.735 € | 133 | 6.012.427,09 € |
| Reunións científicas/outros proxectos | 48 | 272.866 € | 73 | 255.086,72 € |
| TOTAL | 292 | 10.619.629,00€ | 333 | 15.947.447,59 € |

Importe en euros dos proxectos de I+D

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Miles de euros | 10.619.629,00 € | 15.947.447,95 € |

Proxectos de investigación. Dotación




6.4


USC

6.4. B Aumento durante o período 2002-2004 da proxección social e económica no que atinxe á actividade de investigación e servizos de innovación, converténdose no primeiro recurso tecnolóxico e xerador de coñecemento de Galicia.

7º posición respecto do Sistema Universitario Español (aumentou 766 mil euros respecto ao período 99-01 en servizos técnicos e de asesoría, e 3.337 mil euros en contratos e convenios de I+D con administracións e empresas).

**I+D Baixo contrato. Servizos de I+D e apoio tecnolóxico**

| | 1999-2001 | | 2002-2004 | |
|---|---|---|---|---|
| | Importe* | Número | Importe* | Número |
| Contratos e convenios de I+D | 24.501 | 813 | 27.838 | 830 |
| - coa administración | 13.528 | 299 | 14.024 | 349 |
| - con empresas | 10.973 | 514 | 13.814 | 481 |
| Servizos técnicos e asesoría | 3.142 | 893 | 3.908 | 610 |
| Total | 27.642 | 1.706 | 31.746 | 1.440 |

*Miles de euros

Contratos, convenios e servizos de I+D e apoio tecnolóxico (en euros):

| | 2004 | | 2003 | | 2002 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Número** | **Importe euros** | **Número** | **Importe euros** | **Número** | **Importe euros** |
| Contratos con empresas | 134 | 3.652.228 € | 137 | 3.001.653 € | 121 | 3.849.533 € |
| Contratos con entidades públicas | 141 | 5.297.334 € | 101 | 4.209.874 € | 107 | 4.517.083 € |
| Contratos co plan galego IDT | 19 | 735.727 € | 29 | 1.318.589 € | 41 | 1.256.387 € |
| Informes | 221 | 1.361.202 € | 206 | 1.500.348 € | 168 | 1.027.522 € |
| Servizos xerais | 2 | 18.579 € | 13 | 0 € | 0 € | 0 € |
| Total | 517 | 11.065.071 € | 486 | 10.030.465 € | 437 | 10.650.525 € |

6.4

## 6.4. C Relevante xeración de resultados científicos

| Resultados científicos | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Patentes solicitadas (*) | 9 | 11 |
| Teses defendidas | 222 | 199 |
| Capítulos en libros de investigación | 666 | 932 |
| Libros de investigación | 256 | 278 |
| Artigos en revistas | 1.629 | 1.672 |
| Publicacións de investigacións derivadas de congresos | 1.787 | 2.186 |

Galicia é a 5ª Comunidade Autónoma en número de artigos publicados en revistas internacionais, dos que máis do 60% corresponden á USC.



6.4

## 6.5
## Transferencia de coñecemento á empresa

6.5. A Destacada actividade no ámbito da transferencia de resultados a través da súa rede OTRI, facilitando a actividade dos investigadores, e posibilitando a eficiente xestión dos procesos administrativos e económicos asociados á actividade investigadora.

Implantación de ferramentas telemáticas, como a OIT VIRTUAL, facilitando a actividade dos investigadores

6.5. B Desenvolvemento de programas e capacidades operativas en xestión de resultados e cooperación tecnolóxica, coma o “Programa IDIPYME”, de apoio as PEMEs galegas na elaboración de proxectos de innovación, ou “Carteira Tecnolóxica”, para a elaboración de metodoloxías de avaliación de resultados e servizos universitarios.

6.5



## 6.5. C Mantemento da actividade de transferencia e protección de resultados da investigación, soportando máis do 20% das patentes de Galicia, tendo un total de 100 patentes en carteira.

Durante 2004, xestionáronse as seguintes patentes:

- 4 patentes licenciadas a ADVANCELL (Biotec catalá) con toma de participación da USC e a implantación da empresa en Santiago de Compostela.
- 4 patentes licenciadas a HIPRA (empresa veterinaria catalá) para a comercialización de vacinas á industria de acuicultura.

A USC ten 100 patentes en carteira.



6.5

# 6.6
## Pulo á sociedade da información en Galicia

6.6. A Destacada actividade de difusión á sociedade da investigación, así coma a participación en diversos grupos e foros de investigación, co fin de consolidar a USC no Espazo Europeo de Investigación.

Consolidación da Semana Internacional das TIC en Galicia (foro eGallaecia) da que a USC é socio fundador e un dos seus principais impulsores, situando a este foro como o máis prestixioso a nivel galego e un dos máis reputados a nivel nacional.

6.6. B Continuou desenvolvendo accións e convenios co fin de impulsar proxectos de referencia no ámbito da I+D.

Acordo coa Asociación Compostela Monumental, para facilitar o impulso dunha rede sen fíos no Concello de Santiago e desenvolver novos servizos.

Acordo coa Fundación Vodafone para desenvolver seminarios internacionais sobre aspectos éticos das TIC e accións de apoio ao voluntariado e a proxectos de investigación no eido da saúde.

6.6. C Impulso, en todos os ámbitos, da labor do grupo de traballo das TIC na Conferencia de Reitores de Universidades Españolas (CRUE-TIC), baixo a presidencia do reitor da USC.

Acordos e convenios con institucións e empresas implantando na USC:
- A sinatura dixital;
- As infraestruturas sen fíos;
- Accións de formación e difusión;
- Primeiro estudo das TIC no sistema universitario español (SUE), coordinado, dirixido e desenvolvido desde a USC.



6.6

# 6.7
## Transferencia activa: emprendemento

6.7. A Continuouse co desenvolvemento de programas de detección e captación de emprendedores, no que a USC foi pioneira en España, creándose novas empresas spin-off, en diversos campos, a través dos programas UNIEMPRENDE.

| Resultados de xestión | | 2004 |
|---|---|---|
| Indicadores de actividade | Novos emprendedores atendidos | 146 |
| | Novos proxectos asesorados | 71 |
| | Nº de empresas promovidas | 8 |
| | Novas empresas incubadas | 5 |
| | Nº total de empresas incubadas | 14 |
| | Nº de novas empresas domiciliadas | 4 |
| | Espazo da incubadora ocupado | 100% |
| | Número de empregos promovidos | 25 |
| Indicadores de financiamento | N° de novas candidaturas a proxectos europeos | 5 ([1]) |
| | N° proxectos europeos nos que participou Uniemprende | 4 ([2]) |
| | Busca de novos patrocinios | 6 ([3]) |
| Indicadores de comunicación | N° accións de difusión cultura emprendedora | 4 |
| | Taller de xeración e maduración de ideas | 30 asistentes |
| | Concurso de proxectos empresariais | 27 |
| | Concurso de ideas empresariais | 107 ideas presentadas |
| | Organización da IV Semana Galega do Emprendedor | 500 asistentes |
| Indicadores de formación | Congreso de SPIN OFF Académico e Capital Risco | 100 asistentes |
| | Seminario de Planificación Empresarial | 23 asistentes |
| | Seminario de Propiedade Intelectual | 15 asistentes |
| | Curso: Xestión da Innovación na Empresa | 15 asistentes |
| | Curso: Habilidades Directivas Internas | 15 asistentes |
| | Curso para Emprendedores Universitarios | 71 asistentes |

6.7

6.7. B Mantemento das estruturas de apoio ao programa UNIEMPRENDE, a través de UNIRISCO (sociedad capital risco), UNIBAN (primeira rede de investidores privados informais en España), EMPRESA-CONCEPTO (programa de dinamización de spin-off).

6.7

(1)
- SEED FUDING (Artigo 6 Fondo Social Europeo)
- SEED TRANS
- TRANSIC
- EQUAL COMPOSTELA SOCIAL
- SOCRATES MINERVA EMPREÁPOLIS

(2)
- PROXECTO 2XTRA
- GATE2GROWTH
- SURTEC
- EQUAL COMPOSTELA SOCIAL
- PROXECTO ALFA II

(3)
- SCH
- LA CAIXA
- FUNDACIÓN CAIXA GALICIA
- XUNTA DE GALICIA: Consellería de Asuntos Sociais e Relacións Laborais
- XUNTA DE GALICIA: Consellería de Innovación, Industria e Comercio
- XACOBEO 2004



6.7. C Internacionalización de UNIEMPRENDE a través da creación da Rede UNIEMPRENDE, o que permitiu dar servizo a emprendedores/as doutras universidades estranxeiras, coa creación dunha rede moito máis ampla e forte de universidades e empresas, optimizando así os recursos invertidos na oferta de servizos.

6.7. D Fortalecemento da Escola de Negocios UNIEMPRENDE dentro do programa UNIEMPRENDE, cos seguintes obxectivos:



- Estimular e fomentar o desenvolvemento das actitudes, habilidades e capacidades básicas para emprender.
- Contribuir á difusión da cultura emprendedora e á percepción positiva do papel de axente socioeconómico xogado pola Universidade, emprendedores e empresarios.
- Apoiar a creación de empresas xurdidas da actividade de investigación universitaria como instrumento básico para a xeración de emprego e a transferencia de tecnoloxía e coñecementos á sociedade.
- Achegar a Universidade á empresa e viceversa, promovendo ámbitos de encontro e o establecemento e mantemento de redes de contacto e cooperación.
- Facilitar o acceso á formación especializada e de calidade en materia de xestión empresarial que favoreza a adquisición de novas competencias e a reciclaxe profesional.
- Prestar servizos de información xeral a través da web e servizos de información e orientación especializados.
- Ofrecer apoio e asesoramento técnico especializado a través da propia ENU. e das súas entidades colaboradoras.
- Colaborar con outras institucións e axentes sociais que compartan os nosos obxectivos obxectivos e eidos de actuación.

Así mesmo a Escola de Negocios ten realizado estoutras actividades:

- Colaboración coa Rede OTRI Universidades na impartición de cursos de formación en materia de creación de empresas
- A posta en marcha dunha materia de libre configuración en materia de creación de empresas
- O lanzamento dun Máster sobre Creación e Xestión de Empresas Innovadoras, en colaboración co Departamento de Economía Financieira e Contabilidade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago
- Realización de actividades de difusión da cultura emprendedora

6.7. E Continuouse coa formación específica para emprendedores, centralizada na Escola de Negocios Uniemprende (ENU) e do portal EMPRENDIA co obxectivo de desenvolver un espacio virtual pensado para o emprendedor, con especial atención ás iniciativas con alto compoñente tecnolóxico no ámbito das universidades de fala hispana.

6.7. F Uninova, como incubadora de spin-offs da USC.



| Empresas activas instaladas/incubadas ano 2004 |
| --- |
| BIONOVA, S.L. |
| LBS TELECOMUNICACIONES, S.L. |
| EGANET, EMPRESAS GALEGAS ADICADAS A INTERNET |
| NEOKER, S.L. |
| AVA SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L. |
| GALICIAN MARINE AQUACULTURE, S.L. |
| GRUPO CÓDIGO CERO COMUNICACIÓN,S.L. |
| CÓDIGO TELEVISIÓN, S.L. |
| LBS TELECOMUNICACIONES, S.L. |
| ETNOGA XESTIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL, S.L.GALEXPORT |
| NUEVA ORGANIZACIÓN Y VALOR AÑADIDO S.L. |
| SALBIA, S.C. |
| ESTUDIO ADUMBRO, S.C. |

6.7

6.7. G Mantemento dos servizos prestados por UNIEMPRENDE aos emprendedores:



**Difusión da cultura emprendedora:**

Incrementar a medio e longo prazo o número de vocacións empresariais na USC, fomentando a denominada propensión ou presuposición psicolóxica a emprender, especialmente entre os/as estudantes e a comunidade investigadora.

**Detección de proxectos empresariais:**

Identificar dentro das capacidades de produción científica e de prestación de servizos da USC, liñas de traballo susceptibles de ser explotadas desde a óptica empresarial.

**Puntos de información e servizos de apoio ao emprendedor:**

Prestar servizos de apoio á creación de empresas que faciliten a análise de viabilidade empresarial dos proxectos, así como o lanzamento ou posta en marcha destes.

**Infraestrutura de apoio á creación de empresas:**

Creación, estruturación e potenciación dunha infraestrutura estable de colaboradores que permita difundir e desenvolver ampliamente as diferentes medidas deste plan. Entre estes podemos destacar a incubación daquelas empresas xurdidas do eido universitario, a través da incubadora de empresas da nosa universidade (UNINOVA) e a financiación, mediante inversións temporais, efectuadas por UNIRISCO GALICIA, SCR, S.A.

6.7

6.7. H Desenvolvéronse accións de difusión da cultura emprendedora a través de seminarios de xestión empresarial, talleres de xeración e maduración de ideas e xornadas relacionadas co ámbito empresarial.

6.7. I Continuación da USC como membro de asociacións internacionais, tendo un papel destacado no foro de debate onde se perfilan liñas de actuación en avances científicos e tecnolóxicos.

6.7



## 6.8
## Tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC)

6.8. A Co fin de reforzar a idea de que as infraestruturas TIC da USC pertencen á Universidade, e non aos seus usuarios, realizáronse modificacións normativas coa fin de adaptarse ao novo escenario tecnolóxico

Normas sobre organización do servizo de correo electrónico, co obxeto de regular o dereito de acceso dos membros da comunidade universitaria a unha conta de correo electrónico, e de normalizar o procedemento de asignación de direccións, para facilitar o uso do correo electrónico como ferramenta de comunicación na USC.

Normas de creación e publicación de páxinas web tratando de regular o proceso de creación de páxinas institucionais e a posibilidade de situar na web da USC páxinas de colectivos ou individuos da comunidade universitaria; engadindo unha guía de estilo que xa fora aprobada polo Consello de Goberno como parte da imaxe corporativa da USC.

6.8. B Reforzamento do Grupo de Traballo das TIC na Conferencia de Reitores de Universidades Españolas. (CRUE-TIC), baixo a Presidencia do Reitor da USC, creándose novas estruturas dentro deste ámbito.

Creación de subgrupos de traballo co fin de buscar un mellor achegamento a todas as universidades.

Formalización de diversos acordos e convenios con institucións e empresas.

Realización do primeiro estudo das TIC no Sistema Universitario Español (SUE), coordinado, dirixido e desenvolvido desde a USC.

6.8. C Avaliouse a creación de proxectos para as persoas que desexen o necesiten certificar os seus coñecementos e habilidades sobre informática, idiomas ou competencias transversais, podendo realizalas tanto a través da CERTICAP (Certificación de Competencias de Acción Profesional, promovido por UNIVERSIA) como da certificación europea ECDL (European Computer Driving License)

6.8



6.8. D Desenvolvemento de actuacións de coordinación e impulso de accións conxuntas en materia de TIC co resto do sistema universitario galego (SUG).



## Plan estratéxico das tecnoloxías da información

Ao longo do curso 2003/2004 reforzáronse as actuacións en materia de Tecnoloxías da Información e das Comuniacións (TICs) no ámbito do PETIC (Plan Estratéxico das Tecnoloxías da Información e das Comunicacións).

6.8. E Consolidación do programa UNIWIFI (infraestruturas sen fíos nas institucións de ensino superior), reforzándose as infraestruturas existentes na USC

268.125 m$^2$ de cobertura na USC con acceso a redes sen fíos (77% superficie total)
583 usuarios ao longo do ano 2004
429 puntos de acceso operativos (68 edificios); 319 no Campus de Santiago de Compostela e 110 no Campus de Lugo.
Investimento dedicado: 248.000 €

6.8

6.8. F Promoción do acceso a ordenadores portátiles entre estudantes universitarios/as de 1º, 2º e 3º ciclo e, complementariamente, entre o Persoal Docente e Investigador e o Persoal de Administración e Servizos, a través do Programa UNIPORTA, en colaboración coas Universidades de A Coruña e Vigo.

Solicitudes aceptadas: 557 (36% das totais do SUG)
Equipos entregados: 403 (39% dos totais entregados no SUG)

Estatística equipos entregados:
Solicitudes por ciclos e cursos: 1º ciclo (201: 46 de 1º, 58 de 2º e 97 de 3º), 2º ciclo (142: 49 de 4º, 90 de 5º e 3 de 6º), 3º ciclo (60)
Sexo: 196 homes, 207 mulleres
Campus: Santiago (327), Lugo (76)
Áreas do saber: C.Saúde (51), C. Experimentais (55), C. Xurídicas e Sociais (140), Ens. Técnicas (83), Humanidades (61), sen identificar área (13)

6.8. G Mellora da WEB INSTITUCIONAL da USC coma canle de servizos así coma as vías de comunicación, facendo máis accesible a información a toda a Comunidade Universitaria

Recoñecemento da Web da USC na 2ª edición dos Premios de "Tecnoloxía Accesible" e "Presenza Institucional en Internet".
Solicitaron 4.929 matrículas a través de Internet.
6,88 millóns de accesos as páxinas da USC.
2ª posición no ránking USABAIPO (Proxecto de Usabilidade das páxinas de inicio das Universidades Españolas).
Implantación e posta en funcionamento dun xestor de contidos e formación, a través de modelos para a introdución de información.

6.8. H Pioneiros entre as universidades españolas no envío de mensaxes ao móbil, informando aos estudantes que soliciten este servizo sobre as cualificacións académicas e outras novas de interese (campañas de doazón de sangue, cursos de informática, actos e xornadas...)

Envío de máis de 3.780 SMS para comunicar as notas.
26.531 SMS enviados informando sobre a campaña de doazón de sangue.

6.8

6.8. I Promoción do acceso dos estudantes ás tecnoloxías da información a través da AULA UNIVERSIA coma espazo tecnolóxico de traballo e estudo situada na Biblioteca Xurídica Concepción Arenal no Campus Sur, dispoñible para todo o estudantado da Universidade de Santiago de Compostela.

Media de ocupación das Aulas Universia: 71%

6.8. L Desenvolvemento de actividades formativas a través do Campus Virtual da USC, favorecendo a formación dos estudantes e a xeración de habilidades e atitudes relacionadas co emprego das TIC, tan importantes na súa futura actividade social e profesional.

| | **Número de materias activas (Excepto cursos CeTA)** | **Incremento (ano anterior)** |
|---|---|---|
| 2003-2004 | 223 | 32,1% |

| **Titulacións / Categorías** | **2003 / 2004** |
|---|---|
| Primeiro e segundo ciclo | 202 |
| Terceiro ciclo, Posgrao e Formación Continua | 21 |
| Cursos CeTA (formación profesorado...) | 7 |
| Total cursos | 230 |

| **Usuarios** | **Número** |
|---|---|
| Estudantes | 6.052 |
| Persoal Docente e Investigador (PDI) | 370 |



6.8

# 7

# Un contorno para facilitar a apredizaxe

7

## Un contorno para facilitar a aprendizaxe



Co fin de adaptarse ao novo Espazo Europeo de Educación Superior, e conforme ao seu compromiso de manterse coma unha universidade completa no campo do ensino, a USC estableceu coma obxectivo permanente a consecución dunha oferta de titulacións equilibrada entre todas as grandes áreas, diversificando e ampliando os estudos de posgrao e formación permanente, incorporando novas titulacións a súa oferta formativa, e incrementando o seu peso porcentual no ámbito tecnolóxico.

A aposta da USC pola aprendizaxe global dentro do novo escenario universitario, lévanos a establecer unha oferta académica versátil e aberta a todos os colectivos, dentro dun esquema de aprendizaxe continuo, respondendo ao novo paradigma educativo centrado no estudante.

Por tanto, un dos grandes obxectivos da USC é facilitar o achegamento á formación universitaria de todas aquelas persoas que o desexen, independentemente doutras condicións, despregando esta idea en programas para mozos/as de ensino medio, maiores de 50 anos, discapacitados psíquicos e físicos, e estranxeiros. Nesta liña pódense destacar:

- A ampliación da oferta global a todas as persoas que desexen estudar na universidade, promovendo a incorporación de estudantes maiores de 50 anos aos estudos universitarios (cuarto ciclo), favorecendo a súa integración e participación en procesos formativos, respondendo ás necesidades e expectativas deste colectivo social, e ampliando a oferta de estudos universitarios co criterio de interdisciplinariedade.
- O programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”, proporciona un apoio complementario aos estudantes que van cursar titulacións universitarias para as que se require unha formación específica de base, consolidándose e ampliándose deste xeito a oferta de materias “ponte” entre o ensino medio e o universitario, que pasan a impartirse de maneira intensiva na segunda quincena de setembro. Neste programa tamén participan profesores de bacharelato impartindo docencia na USC
- O impulso dos programas de mobilidade dos estudantes, ampliándose a oferta de prazas nos diferentes programas e reforzando o apoio institucional, abordando proxectos de relevancia para acrecentar a súa presenza internacional, favorecendo así a mobilidade de estudantes e docentes.
- Adaptación dos edificios e centros, co fin de conseguir unha Universidade accesible a todas as persoas.

O noso esforzo para crear un ambente que facilite a formación e a inserción laboral dos nosos e das nosas estudantes reflíctese en múltiples actuacións no campo das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TICs), das titorías, da oferta de Bibliotecas, de cursos de Idiomas, e dos programas de prácticas profesionais.

No que atinxe aos servizos de orientación laboral, ademais da actualización do web das áreas de autoemprego e orientación laboral, fíxose un importante esforzo na procura de prácticas profesionais aos estudantes da USC, a través de programas específicos, como elemento central da aprendizaxe.

7

## 7.1
# Orientación preuniversitaria

7.1. A Co fin de dar a coñecer a USC aos estudantes de ensino medio, refórzase o “Programa a Ponte entre o Ensino Medio e a USC” mediante xornadas de presentación da Universidade, con novas actividades mantendo as acións postas en marcha o primeiro ano como se recolle a continuación.

| **Programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”** | **2003** | **2004** |
|---|---|---|
| **Charlas de presentación** | | |
| Centros de Ensino Medio da Comunidade Autónoma galega nos que se impartiron | 119 | 143 |
| Estudantes que asistiron | 1.637 | 8.104 |
| **Xornada de “Encontros do Ensino Medio e a USC: Adiante”** | | |
| Centros participantes | 39 | 35 |
| Estudantes que asistiron | 3.658 | 1.872 |
| **Xuntanza cos directores e orientadores dos centros de ensino medio de Galicia** | | |
| Centros da Comunidade representados | 99 | 87 |
| Asistentes | 118 | 109 |
| **Reunión coas Asociacións de Nais e Pais de Galicia na USC** | | |
| Centros representados | 38 | 13 |
| **Seminarios de intercambio de información con profesorado de Ensino Medio** | | |
| Centros representados | 45 | 60 |
| **I Edición do concurso : "¿Como te imaxinas na USC?" (inscricións)** | | |
| Páxina web | | 6 |
| Relatos | | 9 |
| Cómic | | 20 |

7.1. B Proporcionouse aos estudantes que van cursar titulacións nas que se require unha formación específica de base, un apoio complementario, consolidándose e ampliándose a oferta de materias “ponte” entre o ensino medio e o universitario, que pasan a impartirse de xeito intensivo na segunda quincena de setembro

Impartíronse 10 materias (6 no campus de Santiago de Compostela e 4 no Campus de Lugo) no marco do programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”

7.1. C Recoñecemento e selección, dentro do programa “A Ponte entre o ensino Medio e a USC”, daqueles estudantes de Galicia que lograron superar con sobresaliente os seus estudos de bacharelato e selectividade, co obxecto de captar un alto potencial estudantil para a USC.

| Acto homenaxe de recoñecemento aos mellores estudantes do bacharelato | |
|---|---|
| Estudantes convocados á homenaxe cunha media superior a 9 | 158 |
| Estudantes asistentes | 138 |
| Total de Centros de Ensino Medio representados polos estudantes e equipos de direción | 90 |



7.1

7.2

## Formación regrada (primeiro e segundo ciclo)

7.2. A Peso das titulacións da USC respecto ao resto de Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), reforzando a imaxe de universidade completa con titulacións en todas as grandes áreas do saber. 2004

| | 2004 |
|---|---|
| Porcentaxe da oferta de titulacións de 1º e 2º ciclo da USC respecto ao total de titulacións do SUG | 37,50% |
| Titulacións da USC | 63 |
| Titulacións da Universidade da Coruña | 55 |
| Titulacións da Universidade de Vigo | 50 |

7.2. B Ampla oferta de titulacións oficiais en todas as grandes áreas do saber.

| | Total | Titulacións de 3 anos | Titulacións de 5 anos | Titulacións de 2 anos adicionais a unha de 3 ou 5 anos |
|---|---|---|---|---|
| Ciencias da Saúde | 6 | 2 | 4 | 0 |
| Ciencias Experimentais | 7 | 1 | 4 | 2 |
| Ciencias Xurídicas e Sociais | 23 | 14 | 7 | 2 |
| Ensinanzas Técnicas | 12 | 9 | 1 | 2 |
| Humanidades | 15 | 0 | 15 | 0 |
| Totais | 63 | 26 | 31 | 6 |

7.2. C Incremento da porcentaxe de graduados de 1º e 2º ciclo da USC, a pesar do descenso do número de matrículados, sobre o total do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Porcentaxe do estudantado matriculado | 39,90% | 38,90% |
| Porcentaxe dos graduados de 1º e 2º ciclo USC sobre o total do SUG | 33,10% | 38,40% |

7.2

## 7.2. D Lixeiro aumento da Taxa de éxito e a Taxa de rendemento do estudantado da USC.



Taxa de éxito: Medida como o número de créditos aprobados sobre o total de examinados
Taxa de rendemento: Medida como o número de créditos aprobados sobre o total de matriculados

Taxa de éxito do estudantado




Taxa de rendemento




Segundo áreas de coñecemento:

| | Exper. | Saúde | Hum. | Ens. Téc. | Cienc. Xur. |
|---|---|---|---|---|---|
| Taxa éxito | 78,61 | 85,31 | 87,82 | 75,37 | 80,96 |
| Taxa rendemento | 56,35 | 69,61 | 66,12 | 51,84 | 60,28 |

7.2

7.2. E Incremento da porcentaxe de estudantes que terminan os seus estudos de ciclo longo dentro do seu período académico natural.

| | 2002 / 2003 | 2003 / 2004 |
|---|---|---|
| Total titulados de ciclo curto do Sistema Universitario de Galicia (SUG) que rematan en 3 anos | 1.383 | 1.250 |
| Titulados da USC que rematan estudos en 3 anos | 729 | 583 |
| Porcentaxe que supón a USC sobre o SUG | 52,70% | 46,60% |
| Total titulados de ciclo longo do Sistema Universitario de Galicia que rematan en 4 anos | 813 | 790 |
| Titulados da USC que rematan estudos en 4 anos | 465 | 470 |
| Porcentaxe que supón a USC sobre o SUG | 57,20% | 59,50% |
| Total titulados do Sistema Universitario de Galicia que rematan en 5 ou 6 anos | 2.655 | 2.803 |
| Titulados da USC que rematan estudos en 5 anos | 1.236 | 1.397 |
| Porcentaxe que supón a USC sobre o SUG | 46,60% | 49,80% |

(datos curso 2002-03. MEC)



7.2

7.3

## Doutoramento (Terceiro ciclo)

7.3. A Reseñable oferta dos programas de doutoramento na USC, en todas as etapas que comprenden os títulos de terceiro ciclo, destacando sete deles con mención de calidade outorgado no curso 2003-04 polo MEC (Ministerio de Educación e Ciencia).

| | 2002 / 2003 | 2003 / 2004 |
|---|---|---|
| Total Programas de doutoramento | 63 | 64 |
| Programas de doutoramento con mención de calidade | - | 7 (*) |
| Estudantes en etapa de formación | 1.518 | 1.568 |
| Porcentaxe total do Sistema Universitario de Galicia | 45,4% | 43,7% |
| Porcentaxe do total das universidades públicas españolas | 2,2% | 2,3% |
| Estudantes realizando teses | 1.955 | 1.979 |
| Diplomas de Estudos Avanzados (DEA) acadados | 583 | 489 |
| Teses presentadas | 222 | 199 |
| Doutoramento europeo | 20 | 24 |
| Doutoramentos interuniversitarios | 0 | 6 |

(*) Incluídos dentro do total de programas de doutoramento



7.3

7.4

## Recursos para a aprendizaxe Biblioteca universitaria (BUSC)

7.4. A Aumento na dotación da BUSC procurando o apoio á aprendizaxe e á investigación, garantindo a accesibilidade a todas/os as/os usuarias/os.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Novos postos de lectura | 187 | 147 |
| Postos de lectura totais | 6.533 | 6.680 |
| Novos m$^2$ de bibliotecas universitarias | 4.485 | 995 |
| Total m$^2$ de bibliotecas universitarias | 35.519 | 36.514 |
| Novos metros de andeis de libre acceso | 9.493 | -868 (*) |
| Numero total de andeis de libre acceso | 26.246 | 25.378 |

(*) Os fondos que estaban na biblioteca do ICE, temporalmente en obras como de libre acceso, trasladáronse a depósitos da Biblioteca Xeral.

7.4. B Ampliación dos horarios da Biblioteca Universitaria da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais durante 6 meses ao ano, en resposta ás necesidades requiridas polas/os usuarias/os.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Préstamos (incluído a domicilio) | 394.736 | 386.221 |
| Días de apertura | 262 | 341 |
| Horas semanais de apertura | 71 | 78 |

7.4. C Importante esforzo orzamentario na adquisición de fondos bibliográficos, a pesares da limitación existente no Plan de Equilibrio Económico-Financeiro, aproveitando mellor os recursos a través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, onde participan as tres universidades galegas.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Novas monografías | 29.382 | 26.382 |
| Total monografías | 1.058.754 | 1.085.690 |
| Investimento total en adquisición de novos fondos (*) | 3.307.746 | 2.811.675 |

(*) Datos de REBIUN (monografías, subscricións a revistas, bases de datos e outros materiais)

7.4



## Rede de aulas de informática (RAI)

7.4. D Medra dos recursos para a aprendizaxe das TIC a través da Rede de Aulas de Informática, mellorando as infraestruturas físicas e tecnolóxicas a disposición de estudantes.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Total Aulas Informática | 79 | 84 |
| Novas Aulas Informática | 10 | 5 |
| Número de centros nos que están distribuídos | 28 | 28 |
| Postos de traballo conectados a internet | 1.511 | 1.621 |
| Incremento con respecto ao ano anterior (porcentaxe) | 18,5% | 7,3% |
| Incremento con respecto ao ano anterior (numérico) | 236 | 110 |
| Renovación do parque informático | 14,75% | 37,60% |
| Dotación de novos equipos | 580(*) | 245 |
| Porcentaxe de postos de traballo con ordenadores novos | 14,80% | 15,10% |
| Media de ocupación das aulas de informática | Non se dispón | 71% |

(*) Inclúense 40 ordenadores da Aula Universia que foron cedidos polo Portal Universia,

7.4. E Mantemento dun plan de formación ofimática, orientado á aprendizaxe dos estudantes no campo das TICs

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Cursos formativos impartidos | 153 | 116 |
| Participación de estudantes | 2.706 | 1.684 |
| Horas de docencia | 3.060 | 2.320 |

## Centro de linguas modernas (CLM)

7.4. F O Centro de Linguas Modernas (CLM) mantén a súas liñas básicas de actuación a través do seus cursos presenciais e pola realización dos exames oficiais de Inglés (TOEFL-Test of English as Foreign Language), alemá (Start Deustsch I e II, ZD e ZMP do Goethe-Institut) e español (DELE -Diplomas de Español como Lingua Estranxeira; do Instituto Cervantes), aumentando durante o curso académico 2003/2004 o número total de estudantes asistentes.

**Centro de Linguas Modernas**

| Lingua | Estudantes asistentes 2002/2003 | Estudantes asistentes 2004/2004 |
|---|---|---|
| Alemá | 173 | 197 |
| Árabe | 36 | 52 |
| Checo | 26 | 27 |
| Danés | 7 | 4 |
| Español | 484 | 784 |
| Francés | 224 | 229 |
| Inglés | 761 | 772 |
| Italiano | 89 | 100 |
| Xaponés | 36 | 41 |
| Ruso | 28 | 24 |
| TOTAL | 1.864 | 2.194 |

Cursos intensivos de verán do CLM

Linguas minoritarias para público en xeral:

| | Estudantes asistentes |
|---|---|
| Checo | 16 |
| Árabe | 16 |
| Xaponés | 8 |
| Ruso | 8 |

A través de Centro de Recursos de Idiomas (CRI) compleméntanse as clases de idiomas, proporcionando o soporte material e o asesoramento lingüístico-pedagóxico para persoas interesadas na aprendizaxe dos distintos idiomas modernos ofrecidos polo CLM, a través dunha completa variedade de DVDs, videos, CD-Roms, TV con satélite, casetes, manuais, libros de referencia, dicionarios, enciclopedias, gramáticas, CDs con cancións, textos auténticos, revistas, xornais, antoloxías, libros de arte, historia, literatura en versión orixinal e traducida ao castelán, folletos informativos, etc.

7.4

## Mobilidade de estudantes

7.4. G Aumento do número de acordos con Universidades europeas, supoñendo un significativo incremento da mobilidade de estudantes de 1º, 2º e 3º ciclo que desexaban cursar os seus estudos en universidades europeas.

**Programa Sócrates/Erasmus**

| Curso académico | Acordos de intercambio asinados | Número Universidades | Países Europeos | Estudantes enviados | Estudantes recibidos |
|---|---|---|---|---|---|
| 2002/2003 | 994 | 273 | 25 | 354 | 438 |
| 2003/2004 | 1.034 | 324 | 25 | 418 | 552 |

**Programa ISEP**

| Curso académico | Estudantes enviados | Estudantes recibidos |
|---|---|---|
| 2002/2003 | 12 | 8 |
| 2003/2004 | 14 | 7 |

**Programa SICUE/SÉNECA**

| Curso académico | Estudantes enviados | Estudantes recibidos |
|---|---|---|
| 2002/2003 | 46 | 44 |
| 2003/2004 | 81 | 63 |

**Programas bilaterais**

| Curso académico | Estudantes enviados | Países destino | Estudantes recibidos | Países orixe |
|---|---|---|---|---|
| 2002/2003 | 23 | 5 | 134 | 13 |
| 2003/2004 | 30 | 10 | 218 | 29 |

7.4. H Reforzáronse as políticas activas na recepción de estudantes estranxeiras/os a través de axudas ao estudo, e cun programa de bolsas de pre e posdoutoramento para estudantes iberoamericanas/os.

**Pre e posdoutoramento para estudantes iberoamericanas/os**

| Curso académico | Bolsas novas e renovadas | Partida € |
|---|---|---|
| 2002/2003 | 50 | 240.400 |
| 2003/2004 | 52 | 240.400 |



7.4

7.4.1 Reforzamento do programa de cursos de lingua e cultura española para estudantes estranxeiras/os, impartidos pola Sociedade de Cursos Internacionais, de cursos de alemán, italiano, francés e inglés para bolseiros Sócrates/Erasmus da USC. Estudantes estranxeiros matriculados en cursos de lingua e cultura española

**Estudantes estranxeiros matriculados en cursos de lingua e cultura española**

| | |
|---|---|
| 2002/2003 | 745 |
| 2003/2004 | 967 |



**Cursos intensivos de verán para bolseiros da USC**

| | Alemán | Italiano | Francés | Inglés |
|---|---|---|---|---|
| 2003/2004 | 8 | 12 | 7 | 22 |

7.5

## Medidas de apoio á aprendizaxe
## Materias de nivelación

7.5. A Coa finalidade de reforzar as aptitudes dos estudantes que acceden por primeira vez a Universidade incrementase a oferta de materias ponte, o que supón un aumento das solicitudes respecto ao curso académico 2002/2003, representando un 35,8% de aptos sobre o total de preinscripcións.

**Materias ponte curso académico 2003/2004**

| | Preinscricións | Aptos | Non aptos | Non presentados |
|---|---|---|---|---|
| TOTAIS SANTIAGO | 839 | 268 | 54 | 517 |
| TOTAIS LUGO | 297 | 139 | 13 | 145 |
| TOTAL | 1.136 | 407 | 67 | 662 |




## Titorías

7.5. B Organización de titorías respectando as peculiaridades de cada centro universitario, levándose a cabo a través de programas personalizados orientandos á/ao estudante no ámbito académico e administrativo, e incluso na súa futura inserción laboral. Con motivo desta organización, aumentou o número de estudantes en situación de solicitar titorías.

| Curso académico | Estudantes en situación de poder acollerse as titorías | Admitidos según criterios do programa | Aprobados na convocatoria fin de carreira | Aprobados en Xuño | Aprobados en Setembro | Aprobados en total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2002/2003 | 194 | 72 | 28 | 15 | 2 | 45 |
| 2003/2004 | 211 | 69 | 46 | 20 | 1 | 67 |

7.5. C Outorgamento de créditos de libre configuración aos estudantes da USC de 1º e 2º ciclo que asistiron a representacións culturais, destacando a retransmisión en directo de 4 óperas desde o Gran Teatre del Liceu de Barcelona. Esta acción, trata de vincular a oferta cultural coa formación integral dos universitarios.

As representacións tiveron lugar en:
Auditorio Universitario (Compostela)
Salón de actos da EU de Formación do Profesorado (Lugo)

Nº de matriculados USC:
Campus de Compostela: 98
Campus de Lugo : 26

7.5

7.5. D Desenvolvemento de actividades docentes e culturais dentro do ámbito do Observatorio Astronómico da USC, con recoñecemento de créditos de libre configuración.

| Actividade | Estudantes |
|---|---|
| Prácticas no Observatorio Astronómico Ramón María Aller, dentro do Programa de Extensión Cultural de Astronomía (dotado de 1 crédito de libre configuración) | 400 estudantes |
| IV Ciclo Universitario | 7 estudantes |
| Fundamentos de Astronomía (formación regrada) | 25 estudantes |
| Astronomía Xeral (formación regrada) | 16 estudantes |
| Mecánica Celeste (formación regrada) | 12 estudantes |

7.5. E Forte aposta por programas formativos con recoñecemento institucional, apostando pola formación de cara ao desenvolvemento de novos mecanismos que fan que a nosa Universidade estea na vangarda das universidades do noso contorno.

Impartición, a través da Oficina do Voluntariado, de cursos de formación básica a todas as persoas que queren rexistrarse como voluntarios.

- Cursos de Formación Básica en Voluntariado (60 horas, recoñecidos con 2 créditos de Libre Configuración )
- Cursus de formación organizados dende a Oficina do Voluntariado para todos os estudantes da USC (30 horas, recoñecido con 1 crédito de LC)

| | |
|---|---|
| Aprendamos a facer a vida máis fácil. USC: voluntariado e integración | 187 inscritos |
| Voluntariado e Patrimonio Histórico: as accións con voluntarios nos Camiños de Santiago | 92 inscritos |
| Cooperación Internacional: unha aproximación dende a saúde | 217 inscritos |
| Curso de verán: Non nos miramos o embigo: fundraising e marketing social | 54 inscritos (as prazas estaban limitadas a 50) |
| II curso de formación básica en voluntariado | 191 inscritos |
| A SIDA: Unha loita en equipo | 341 inscritos |



7.5

# 7.6
## Introducción á práctica profesional

7.6. A Reforzamento do programa de prácticas curriculares a estudantes da USC, incrementándose tanto o número de acordos con empresas coma a participación de estudantes nestas prácticas.

| Curso académico | Estudantes que realizaron prácticas e foron validadas como créditos de libre configuración | Créditos validados |
|---|---|---|
| 2002/2003 | 1.763 | 20.142 |
| 2003/2004 | 1.820 | 19.505,50 |

| Curso académico | Convenios con empresas para prácticas de cursos de posgrao e formación continuta |
|---|---|
| 2002/2003 | 93 |
| 2003/2004 | 130 |

7.6. B Aumento dos programas de prácticas profesionais para titulados/as da USC –a través da Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), acordos con empresas e colexios profesionais, e o Programa Europracticum– co obxecto de completar a formación a través de prácticas laborais.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Programa de prácticas profesionais para tituladas/os da USC a través de FEUGA | 279 | 301 |
| Programa de prácticas profesionais a través do Programa Europracticum (*) | inscritos | 654 |
| | presentados a proba de idioma | 575 |
| | aptas/os | 185 |
| | estudantes entrevistadas/os | 156 |
| | Bolseiros | 66 |

(*) Programa Europracticum II; trátase dun programa bianual, 2004-06, co obxecto de facilitar prácticas profesionais na Unión Europea a estudantes universitarios.

## 7.7
## Outros programas de apoio Servizo Universitario de Residencias (SUR)

7.7. A Mantemento da oferta de residencias e colexios maiores universitarios nos campus de Santiago de Compostela e Lugo para os membros da comunidade universitaria –alumnos, profesores e persoal de administración e servizos–. Tamén hai 30 prazas para membros da comunidade universitaria con discapacidade. A ocupación é do cen por cento das 1.660 prazas dispoñibles; ocupando a 2º posición en canto oferta de residencias por universidades españolas.

7.7. B Os prezos das prazas de residencias e colexios maiores están subvencionadas pola USC para o cal no orzamento do 2004 se destinan 550.000 €. Os importes que pagan os residentes establécense segundo o seu nivel de renda. Esta subvención supón un importante esforzo orzamentario.
O número de residencias e colexios maiores (6), mantense respecto do ano anterior.

7.7



## Servizo de comedores e cafeterías universitarias

7.7. C Mantemento da ampla oferta de servizos de comedores e cafeterías universitarias nos campus de Santiago de Compostela e Lugo, con prezos regulados por contrato.

| | 2004 |
|---|---|
| Comedores e cafetarías universitarias | 25 |

## Servizo de transporte urbano

7.7. D Importante esforzo na concesión de subvencións nos prezos do billete do transporte urbano para os membros da comunidade universitaria, a pesar da regulación autoimposta no Plan de Equilibro Económico-Financeiro, mantendo o importe subvencionado en proporción aos estudantes matriculados.

| | Importe subvencionado |
|---|---|
| 2002/2003 | 94.000 € |
| 2003/2004 | 75.200 € |



## Bolsas e axudas a estudantes

7.7. E Aumento das bolsas e axudas en material docente aos estudantes que o soliciten, así coma en programas de axudas propias ao estudo, de maneira proporcional ao número de estudantes matriculados na USC.

| Axudas en material docente | Libros | Residencia | Desprazamento | Mobilidade | Compensatoria |
|---|---|---|---|---|---|
| 2003/2004 | 5.782 | 4.265 | 967 | 226 | 1.762 |

- Axudas propias ao estudo.

Axudas "Doutor Nicolás Peña Martínez"

| | Nº de bolsas concedidas | Importe |
|---|---|---|
| 2003 | 7 | 11.419 € |
| 2004 | 10 | 23.705 € |

Axudas teses doutoramento

| | Nº de bolsas concedidas | Importe |
|---|---|---|
| 2003 | 17 | 165.000 € |
| 2004 | 19 | 213.000 € |

7.7

## Colectivos con necesidades especiais

7.7. F Apoio a estudantes con necesidades especiais, adaptando os espazos da USC e eliminando as barreiras arquitectónicas en facultades, escolas, residencias e colexios maiores segundo as necesidades que se van detectando a medida que aumenta o número de estudantes con discapacidade matriculados.

Adaptouse un cuarto na residencia Burgo das Nacións.
Tamén se deseñan adaptacións curriculares personalizadas segundo as necesidades e peticións.

7.7. G Apoio directo a estudantes con necesidades especiais que solicitan algún tipo de axuda en relación coa súa discapacidade.

| | |
|---|---|
| Estudantes atendidos pola Oficina do Voluntariado | 32 |
| Estudantes aloxados no SUR | 20 |

7.7. H Desenvolvemento de campañas de concienciación a docentes, colaboradores e compañeiros, entregándoselles unha circular informativa a todos os compañeiros de cada centro e cada colexio maior e residencia onde se incorporaban novos estudantes con alto grao de discapacidade. Na circular expoñíanse as necesidades dos compañeiros con discapacidade e solicitábase apoio e colaboración.

7.7



# 7.8
## Orirentación e inserción laboral

Maior e mellor atención personalizada aos estudantes, asumindo responsabilidades de atención cos egresados tanto nos primeiros momentos de inserción laboral como no desenvolvemento do seu proxecto de vida profesional.

7.8. A Mantemento da actividade da Área de Orientación Laboral asesorando aos universitarios nas cuestións relativas ao aceso ao mundo profesional, técnicas de busca de emprego en información sobre saídas profesionais e recursos de interese.

| Actividades realizadas | ASISTENTES 2003 | 04-2004 a 03-2005 Santiago (*) | 04-2004 a 01-2005 Lugo (*) |
|---|---|---|---|
| Orientación (entrevistas, sesións,...) | 845 | 1.376 | 297 |
| Difusión e formación | 1.467 | 1.226 | Non se dispón |
| Intermediación | 764 | 1.975 | 73 |
| Oferta de traballo | 55 | 730 | 1.777 |

(*) Soamente se dispón de datos dos períodos indicados.

7.8. B Intensa actividade da Área de Autoemprego atendendo as demandas dos estudantes emprendedoras/es e divulgando a cultura do emprendemento (dentro do programa UNIEMPRENDE).

| | Actuacións | Beneficiarios |
|---|---|---|
| Actividades de sensibilización | 13 | 761 |
| Difusión,información e comunicación | 46 | 41.000 |
| Intermediación e colaboración | 247 | 403 |
| Xestión interna | 13 | 3 |

7.8. C Elaboración dunha “Guía de saídas profesionais das titulacións da USC” en colaboración co Consello Social (publicada en formato libro, fichas individuais, CD e dispoñible para a súa consulta na web da USC), sendo de gran utilidade aos futuros estudantes para a orientación á entradana na USC e aos estudantes egresados na busca de emprego.

Actualizáronse documentos informativos sobre técnicas de busca de emprego: oposicións, prácticas de iniciación á empresa, enderezos web para as diferentes titulacións, portais de emprego, cartas de presentación e currículos, másters e cursos de posgrao, traballo no estranxeiro, voluntariado...

Recompiláronse e organizáronse materiais, publicacións, prensa, revistas especializadas, guías, directorios, bibliografía e outras materias para a súa consulta nas dependencias da Área de Orientación Laboral.

7.8. D Continuación na organización de Cursos de Aptitude Pedagóxica (CAP) para os estudantes da USC, destacando o aumento da matrícula virtual.

| | | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|
| Cursos de Aptitude Pedagóxica (CAP) | Estudantes matriculados | 1.771 | 910 (*) |
| | Matrícula ordinaria | 59,0% | 62,1% |
| | Matrícula semipresencial | 39,5% | 34,1% |
| | Matrícula virtual | 1,5% | 3,8% |

(*) Durante o curso 2003/2004 a UVI comezou a organizar o CAP para os seus estudantes, xestionando por tanto cada universidade os cursos dos seus estudantes.



7.8

## 7.9
## Aprendizaxe permanente

7.9. A Mellora da oferta de posgrao, aumentando o número de másters e cursos de especialización, facilitando a formación permanente dos estudantes.

| | | 2002-03 | 2003-04 |
|---|---|---|---|
| Másteres | Ofertados | 29 | 37 |
| | Estudantes matriculados | 674 | 825 |
| Cursos de especialización | Número | 41 | 43 |
| | Estudantes matriculados | 499 | 613 |
| Cursos de formación continua | Número | 37 | 76 |
| | Estudantes matriculados | 592 | 649 |

7.9. B Creación de novos títulos dentro do cuarto ciclo, co fin de reforzar a oferta a estudantes maiores de 50 anos, con independencia de cal sexa a súa titulación académica de partida, modificándose a regulación destes estudos.

| | 2002/2003 | 2003/2004 |
|---|---|---|
| Materias impartidas | 22 | 26 |
| Estudantes matriculados | 160 | 158 |
| Estudantes cursando materias do 1° ciclo | 96 | 85 |
| Estudantes cursando materias do 2° ciclo | 35 | 50 |
| Estudantes cursando o Excelsor | 29 | 23 |
| Estudantes que acadaron o título de Graduado Senior | 19 | 18 |
| Estudantes que acadaron o título de Graduado Superior Sénior | 15 | 20 |

7.9. C Constitución da Asociación Estatal de Programas Universitarios para Maiores (AEPUM), na que a USC participa coma socio fundador, coa finalidade esencial de estruturar e fomentar os programas educativos de carácter universitario contribuíndo ao desenvolvemento formativo e cultural do colectivo de maiores

Actividades organizadas no ano 2004 con representación da USC:

- 2 reunións da xunta directiva da AEPUM (Alacante, 27-2-2004 y 29-1-2004).
- I Asemblea da Asociación Estatal de programas universitarios para persoas maiores (Alacante, 27-2-2004).
- II Asemblea da Asociación Estatal de programas universitarios para persoas maiores (Madrid, 2-7-2004).
- VIII ENCUENTRO NACIONAL DE PROGRAMAS UNIVERSITARIOS PARA PERSONAS MAYORES: “Las personas mayores y la universidad: una apuesta por el aprendizaje a lo largo de toda la vida” (15,16 e 17 de novembro 2004, Zamora)

# 8

# Rendemento da nosa xestión económica

8

## Rendemento da nosa xestión económica

O principal reto ao que tivo que enfrontarse a USC no período 2003-2004 foi a complicada situación económica, derivada da incapacidade do Acordo de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2000-2003 (prorrogado tamén de feito para o ano 2004) de dar resposta as nosas necesidades. Dita situación foi afrontada coa elaboración do Plan de Equilibrio Económico Financeiro (PEEF) para o período 2003-2006, que foi aprobado polo Consello de Goberno e o Consello Social da USC, e ademais polo Consello de Política Fiscal e Financeira da Xunta de Galicia.

O feito máis salientable deste PEEF non son en si mesmo os compromisos específicos e as accións formuladas senón o exercicio responsable e transparente que supón a súa redacción e aprobación.

Dito Plan debe entenderse como o maior exercicio de responsabilidade feito pola USC coa sociedade galega, á que debemos render contas da nosa eficiencia e compromiso.

A importancia do referido Plan hai que buscala tamén no importante traballo de negociación, diálogo e esforzo por todos os sectores que constitúen a comunidade universitaria, o que supuxo unha aprobación consensuada, que amosa que ese compromiso responsable non o é só da USC coma institución, senón de todos e cada un dos seus estamentos.

A concreción do Plan de Equilibrio Económico-Financeiro posicionou á Universidade de Santiago de Compostela nunha situación de forza e lexitimación de cara á negociación dun novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego, no que se dera concreción ás necesidades financeiras da Universidade para a realización das súas funcións docentes, investigadoras e de prestación de servizos, apostando pola calidade en todos os seus ámbitos de actuación.

Engadir que o desenvolvemento do PEEF permitiu reconducir a situación existente, ao tempo que fixo viables os orzamentos do exercicio 2004, garantindo a execución do Programa de Investimentos previsto para o 2004-2006 (que supón 34,3 millóns de euros, achegando 10,55 millóns de euros obtidos de recursos patrimoniais), así como o saneamento dos dereitos recoñecidos pendentes de cobro de exercicios anteriores, que se prevé non van ser ingresados.

No Plan comprométense achegas adicionais por parte da Comunidade Autónoma, á marxe do que poidera resultar do novo Plan de Financiamento do SUG, e supón que a USC teña que facer un importante esforzo de reestruturación tanto dos seus gastos como dos seus ingresos, o que nos permitirá acadar o equilibrio económico no ano 2006.

A completa adaptación da USC a este Plan de Equilibrio permitirá afrontar o futuro con especial optimismo, cun horizonte de estabilidade, tanto financeira coma institucional.

Os compromisos adquiridos en dito Plan, así como a súa plasmación operativa pódense ver na "Programación Plurianual 2004-2006", dispoñibles para todos os interesados na nosa web.



A continuación presentamos o balance económico do ano 2004 (máis información ao respecto no informe económico na nosa web), no cal cabe destacar o mantemento e intensificación dos esforzos nas áreas de docencia, investigación, calidade, tecnoloxías da información e as comunicacións e necesidades básicas no ámbito de persoal.

En materia de calidade:
Apoiouse economicamente os créditos necesarios para afondar nos programas iniciados no ano anterior, tanto en docencia e investigación como en materia de servizos, así como para o desenvolvemento da planificación estratéxica das distintas unidades estruturais.

No eido das tecnoloxías da información e da comunicación:
Dotouse dos recursos necesarios para cubrir as necesidades deste ámbito e para o desenvolvemento do Plan Estratéxico das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, que xa rematou.

No que ao persoal se refire:
Incluíronse os créditos que foron necesarios para atender os compromisos derivados do actual cadro de persoal e das súas derivas retributivas.

En materia de infraestruturas:
Fixéronse esforzos en materia de reparacións, renovacións e mellora dos edificios, coa finalidade de facer fronte as necesidades relativas a seguridade e saúde laboral.

Incluíronse no balance os créditos necesarios para o financiamento dos proxectos de infraestruturas que a USC tivo en marcha no ano 2004:

- Completouse a reforma de Mazarelos para que fose trasladada a Facultade de Filosofía e puidese comezar a restruturación da Facultade de CC. da Educación,

- Iniciouse a construción dos edificios de investigación de Lugo (Edificio CACTUS - Centro de Apoio a Investigación, en Lugo) e Santiago (Edificio CIBUS : Centro de Investigación Biolóxica, en Santiago), así como completar o Instituto de Cerámica e iniciar a construción do edificio NEXUS (Edificio que albergará laboratorios I+D, equipos de investigación, spin-offs universitarios e servirá de apoio a CITT, Unirisco Galicia SCR e Uninova).

A nivel de organización:
Garantíronse que os servizos á comunidade universitaria e a extensión cultural puidesen seguir afondando nunha maior calidade de vida nos campus e fomentasen a participación e a integración da comunidade universitaria en xeral e a estudantil en particular.

Apoiáronse as liñas de actuación que intensificaron a internacionalización da USC e das súas actividades.

# 8.1
## Estado operativo




| Gastos orzamentarios | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Docencia universitaria | 4.845.220,94 € | 5.202.770,51 € |
| Investigación | 28.737.369,20 € | 37.675.865,65 € |
| Produción de infraestruturas e servizos á docencia e á investigación | 144.174.615,74 € | 158.659.501,49 € |
| Asistencia exterior e promoción á comunidade universitaria | 6.063.763,14 € | 6.047.080,79 € |
| Pasivos financeiros. Devolución de empréstitos e intereses | 1.156.424,93 € | 1.210.755,32 € |
| Variación de activos financeiros | 0,00 € | 1.071,43 € |
| TOTAL | 184.977.393,95 € | 208.797.045,19 € |

| Ingresos orzamentarios | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Prezos públicos e outros ingresos | 40.874.043,88 € | 40.909.752,12 € |
| Transferencias correntes | 104.500.700,09 € | 113.043.560,93 € |
| Ingresos patrimoniais | 577.739,18 € | 502.986,10 € |
| Alleamento de investimentos reais | 15.000.000,00 € | 7.330.000,00 € |
| Transferencias de capital | 23.781.155,36 € | 34.502.089,98 € |
| Variación de activos financeiros | 0,00 € | 0,00 € |
| Variación de pasivos financeiros | 12.688.114,74 € | 23.772.862,50 € |
| TOTAL | 197.421.753,25 € | 220.061.251,63 € |

| Saldo orzamentario | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Resultado orzamentario do exercicio (operacións non financeiras + operacións con activos financeiros) | 536.358,28 € | -11.728.542,34 € |
| Variación neta de pasivos financeiros | 11.908.001,02 € | 22.992.748,78 € |
| O saldo orzamentario do exercicio 2003 foi positivo. | 12.444.359,30 € | 11.264.206,44 € |

O resultado orzamentario do exercicio 2004 foi negativo en 11.728.542,34 euros, que foi compensado coa variación neta de pasivos financeiros para acadar un saldo orzamentario positivo de 11.264.206,44 euros.

8.1

## 8.2
## Balance da situación

| Balance da situación. Activo | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| INMOBILIZADO | 439.733.296,35 € | 440.748.381,64 € |
| Inmateriais | 2.785.724, 32 € | 3.379.288,63 € |
| Materiais | 435.781.920,49 € | 436.202.370,04 € |
| Investimento financeiro permanente | 1.165.651,54 € | 1.166.722,97 € |
| ACTIVO CIRCULANTE | 56.946.182,88 € | 49.587.983,37 € |
| Debedores | 47.987.018,26 € | 36.841.751,79 € |
| Investimento financeiro temporal | 710.557,99 € | 402.093,16 € |
| Tesouraría | 8.248.606,63 € | 12.344.138,42 € |
| TOTAL | 496.679.479,23 € | 490.336.365,01 € |

| Balance da situación. Pasivo | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| FONDOS PROPIOS | 396.938.392,42 € | 386.248.574,21 € |
| Patrimonio | 407.153.148,96 € | 407.153.148,96 € |
| Resultados de exercicios anteriores | 49.950.773,32 € | -10.214.756,54 € |
| Resultados do exercicio | -60.165.529,86 € | -10.689.818,21 € |
| PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS | 510.860,29 € | 510.860,29 € |
| Provisións | 510.860,29 € | 510.860,29 € |
| ACREDORES A LONGO PRAZO | 20.163.503,29 € | 43.782.281,29 € |
| Outras débedas a longo prazo | 20.163.503,29 € | 43.782.281,29 € |
| ACREDORES A CURTO PRAZO | 79.066.723,23 € | 59.794.649,22 € |
| Débedas con entidades de crédito | 780.113,71 € | 0,00 € |
| Acredores | 35.334.033,83 € | 17.838.977,24 € |
| Axustes por periodización | 42.952.575,69 € | 41.955.671,98 € |
| TOTAL | 496.679.479,23 € | 490.336.365,01 € |

# 9

# A USC como creadora de valor socioeconómico

# A USC como creadora de valor socioeconómico



A contribución directa da USC ao sistema produtivo de Galicia ten lugar a través de diversos canais. Dende os máis tradicionais e desenvolvidos como a creación de capital humano, a difusión dos coñecementos derivados da experiencia e formación dos seus investigadores e académicos, eo establecemento de redes nacionais e internacionais de intercambio de tecnoloxía e coñecemento, ata os máis novidosos e eficazmente probados coma a formación continuada de científicos, enxeñeiros e profesionais, os acordos de cooperación en innovación tecnolóxica, os contratos de investigación entre universidades de Galicia e empresas, as licenzas e patentes, así coma a creación de novas empresas –spin-offs– a partir das iniciativas existentes na USC.

A USC, pois, actúa coma axente significativo do sistema de ciencia e tecnoloxía rexional sendo un dos axentes máis relevantes na creación de capital humano.

Cabe destacar nas últimas décadas o especial protagonismo que tomou a USC na definición dos plans estratéxicos territoriais das cidades de Santiago de Compostela e Lugo. Deste xeito, participou activamente en moitos destes plans a través de asembleas xerais e comités executivos, elaborando, conxuntamente cos diferentes axentes sociais implicados, estratexias de desenvolvemento territoriais, en colaboración coa Administración rexional e local dos concellos vinculados á Universidade.

Á vista da evidente achega socioeconómica que a USC desenvolve no seu contorno, queremos amosar coma se proxecta ese valor nos diferentes eidos da sociedade, tal e como representamos no seguinte gráfico.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Proxecta valor sobre o**

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Ámbito demográfico** Aumento significativo da poboación de feito relacionada coa Universidade | **Ámbito económico** Transferencia de capital humano altamente cualificado, emprendemento, transferencia de resultados da I+D | **Ámbito cultural** Exposicións e museos vinculados á USC, actividades culturais, patrimonio propio histórico-artístico,... | **Ámbito social** Calidade de vida, desenvolvemento sostible, identidade rexional, melloras sociais |
| **Ámbito educativo** Efectos sobre a taxa de actividade, cambios na calidade da eduación,... | **Ámbito urbanístico** Renovación de espazos urbanos a carón dos campus, efectos sobre a vivenda, a actividade comercial,.. | **Ámbito político** Espazo de pensamento e acción político, de participación e movilización cidadán... | **Ámbito tecnolóxico** Difusión de tecnoloxía e de coñecementos, xeración de externalidades |

**Contribuíndo ao desenvolvemento territorial da Comunidade Autónoma de Galicia**

Este novo rol de xeración de valor socioeconómico no contorno, ven dado, en gran parte, pola valoración que teñen os cidadáns da Universidade.

Así, a opinión dos cidadáns en relación ao papel da USC, coma motor dinamizador do desenvolvemento social e económico da rexión, ven dada, fundamentalmente, polo prestixio institucional que atesoura ao longo dos máis de cinco séculos de historia vinculados á sociedade galega, sendo considerada non só coma unha institución senlleira, senón coma unha institución case imprescindible para a vida galega.

Preferencia por estudar nunha universidade segundo a súa localización
“Los españoles y la Universidad”. ANECA




Importancia atribuida ás distintas institucións (%)
“Los españoles y la Universidad”. ANECA





Cabe sinalar o feito de que unha proporción moi ampla de cidadáns, especialmente mozos entre 18 e 24 anos, teñen ou tiveron algún tipo de contacto directo ou indirecto coa Universidade, dato salientable á hora de ter unha valoración obxectiva da USC, en relación ao panorama universitario nacional.

Tipo de contacto coa universidade (%)




"Los españoles y la Universidad". ANECA

Como conclusión cabe destacar a relevancia que ten a Universidade de Santiago de Compostela, non só no seu contorno directo, senón en toda a comunidade galega, sendo percibida pola meirande parte da poboación coma unha institución cunha importancia destacada no desenvolvemento socioeconómico da rexión.

Deste xeito, reflíctese a importancia da presenza da USC en Galicia onde, xa sexa de forma directa (estudantes, traballadores,...) ou indirecta (empresarios, cidadáns, ...), mantense algún tipo de contacto con ela, valorándoa, ao mesmo tempo, de maneira moi salientable.

| Comunidade | Universidade | Media | % sobre a mostra |
|---|---|---|---|
| Navarra | Navarra | 4,4 | 56,3% |
| Pais Vasco | Deusto | 4,3 | 60,7% |
| Castela e León | Salamanca | 4,2 | 43,6% |
| Cataluña | Pompeu Fabra | 4,1 | 17,2% |
| Madrid | Carlos III | 4,1 | 26,1% |
| Madrid | Politécnica de Madrid | 4,0 | 18,8% |
| Cataluña | Politécnica de Cataluña | 4,0 | 14,5% |
| Galicia | Santiago de Compostela | 4,0 | 61,7% |
| Andalucía | Granada | 4,0 | 33,5% |
| Com. Valenciana | Politécnica de Valencia | 4,0 | 35,5% |

Fonte: ANECA, 2004, "Imagen Pública del Sistema Universitario español"

(*) 5: Moi Alta ; 4: Alta; 3:Media; 2:Baixa; 1:Moi Baixa
(**) Porcentaxe de persoas entrevistadas que valoran en cada comunidade autónoma

No seguinte gráfico queremos amosar o valor económico que supón a actividade da USC sobre o total da economía galega, baseada nunha táboa estimativa.

**1. Investimento da USC**
Gastos de investimentos reais ordinarios, sen incluír novos edificios ni persoal. Cap.VI. Investigación.

| | |
|---|---|
| Gasto de investimento real | 25.038.589,34 € |

**2. Consumo persoal USC**
A hipótesis de partida é que o consumo derivado deses ingresos forma parte da demanda asociada á actividade universitaria. Tomouse como tal a partida de salarios e aplicouse a propensión marxinal a consumir.

| | |
|---|---|
| Partidas de gasto de persoal da USC | 134.183.230,00 € |
| Propensión ao consumo do persoal da USC | 99.429773,43 € |

Cambiouse o referente para o cálculo do consumo das familias respecto á memoria do 2003, tomando coma referencia os datos do Instituto Galego de Estatística sobre ingresos e gastos medios por fogar; significando unha porcentaxe do 74,1%, sobre o total da renda disponible

**3. Estudantes**
Refírese ao gasto xerado polos estudantes da USC, partindo dunha estimación do consumo que realizan os novos estudantes en Santiago de Compostela e Lugo, incluíndo matrícula, material, desprazamento, aloxamento, manutención e ocio.

| | |
|---|---|
| Total estudantes de primero y segundo ciclo da USC (curso 2002/03) | 33.370 |
| Consumo estudantes da USC da área de influenza de Santiago e Lugo | 30.114.392,00 € |

Estimación de consumo por estudante/ curso de Santiago de Compostela Lugo: 2.728 euros. (total 11.039 estudantes)

| | |
|---|---|
| Consumo ano novos estudantes de fóra de Santiago de Compostela e Lugo | 104.442.087,00 € |

Estimación de consumo por estudante/ curso de fóra de Santiago de Compostela e Lugo: 4.677 euros (total 22.331 estudantes)

Área influencia Santiago: Santiago, Touro, Boqueixon, Vedra, Teo, Ames, Negreira, Val do Dubra, Trazo, Oroso, O Pino, Brión.

Área influencia Lugo: Lugo, Outeiro de Rei, Castroverde, Friol, Guníin, O Corgo

| | |
|---|---|
| Consumo total estudantes de primeiro e segundo ciclo da USC curso académico 2002/03 | 134.556.479,00 € |

**4. TOTAL (1+2+3)**
Indícanos a incidencia da actividade da Universidade de Santiago de Compostela na economía galega.

O Output enténdese coma o conxunto de relacións contables que reflicten as interdependencias no aparato produtivo dun país ou rexión.

| | |
|---|---|
| Output da USC | 259.024.841,77 € |
| Output da economía galega | 42.234.072.427,80 € |
| Output da USC respecto á economía galega | 0,61 % |

# 9.1
## Proxección internacional de USC

9.1. A Relevante desenvolvemento do programa “Camiños da USC en América”, concibido co afán de estimular os camiños oceánicos que nos unen cos nosos irmáns do outro lado do Atlántico, e o desexo de proxectar a toda Iberoamérica a imaxe da USC.

9.1. B Posición de liderato en canto á celebración, no marco do novo Espazo Europeo de Educación Superior, da Conferencia Iberoamericana de Reitores e Directores de Relacións Internacionais, co obxectivo de reflexionar conxuntamente en torno aos desafíos que se lle suscitan ás institucións iberoamericanas de ensino superior do século XXI.

Reuníronse, do 19 ao 21 de febreiro de 2004, preto de 350 reitores e responsables de relacións internacionais pertencentes a máis de 200 institucións de educación superior de ámbito iberoamericano ao longo de tres días.

Ratificación de maneira unánime da Declaración de Compostela, coma compromiso colectivo na integración e consolidación dun espazo de educación superior que supere obstáculos estruturais e responda aos principais desafíos que se lle presentan ás institucións universitarias de Iberoamérica



9.1

# 9.2
# A USC coma conservadora e defensora do patrimonio cultural galego

**9.2. A** Continuación das actividades de conservación e protección do patrimonio bibliográfico da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC), a través de convenios con diversas entidades.

Convenio Marco de Colaboración entre a USC e o Banco Santander Central Hispano que achegou 60.000 € para a dixitalización dunha serie de obras da Biblioteca América co obxecto da súa inclusión nos diferentes portais da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.

Novo Convenio coa Fundación Cidade da Cultura para a conservación e difusión do fondo histórico.

**9.2. B** Como membro da Red de Bibliotecas Universitarias Españolas (REBIUN) a Biblioteca continuou a súa cooperación co grupo de traballo do patrimonio, do que forma parte, levando a cabo importantes exposicións con outras institucións autonómicas e locais.

(Biblioteca Universitaria, Biblioteca América).

- Pioneros del Trabajo Social: una apuesta por descubrilos" (Universidad de Huelva)
- Creación do necesario: o deseño do século XX en Galicia", (Vigo. Museo de Arte Contemporáneo).
- Don Ramon del Valle Inclán" (Concello da Pobra do Caramiñal)
- A Ribeira Sacra: esencia de espiritualidade de Galicia" (Lugo e Ourense)
- Santiago y la Monarquia de España (1504-1788)" (Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, Colexio de Fonseca)
- Hasta el Confín del Mundo: diálogos de Santiago y Galicia con el mar" (Vigo: Museo do Mar de Galicia)
- Santiago Apóstolo dende a Memoria, Xacobeo 2004" (Igrexa San Domingos de Bonaval de Santiago).
- Gandaría, Tesouro de Galicia: Santiago: Museo do Pobo Galego"
- Museo Pedagóxico de Galicia, Exposición de Inauguración das Instalacións"
- A Virxe Peregrina. Iconografía e Culto" (Pontevedra: Museo de Viaje de Cosme III de Medici a Compostela e Santiago: Museo Diocesano)
- A Galicia Moderna: Santiago" (Centro de Arte Contemporánea)

**9.2. C** Desenvolvemento de producións propias a través da BUSC organizando ou participando activamente en diversas exposicións socio-culturais de ámbito galego.

Exposición no Día das Letras Galegas 2004, adicado a Xaquín Lorenzo "Xocas".
Conmemoración do centenario da creación da Cátedra de Pedagoxía na Universidad Central, Bartolomé Cossio: Facultade de Ciencias da Educación.
Exposición de María Zambrano, Facultade de Filosofía.
Douscentos anos do Code Civil des Français na USC: Biblioteca Concepción Arenal

9.2

9.2. D Mención especial merece a conmemoración do centenario da Biblioteca América, obxecto dunha coidada exposición promovida pola Vicerreitoría de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria.

Con motivo desta conmemoración foron doados dez facsimiles.
Restauración de tres dos mastros das antigas bandeiras americanas e de 31 das medallas da colección da Biblioteca así como das dúas esferas situadas nesta sala.

9.2. E Continuación da colaboración co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, (BuGalicia), concretándose no acceso a novos paquetes de revistas.

| Paquete | Títulos |
|---|---|
| BSP | 5.998 |
| Elsevier | 2.013 |
| JSTOR | 371 |
| Kluwer | 495 |
| Nature | 1 |
| Nature Publ. | 60 |
| PCI | 353 |
| Science | 1 |
| Springer | 510 |
| SwetsWise | 2.115 |
| Wiley | 552 |
| | 12.469 |

Ademais, levéronse a cabo reunións entre os representantes das tres universidades e o Consorcio para a adquisición dun xestor de recursos electrónicos que permita abordar a xestión, actualización e mantemento da enorme cantidade de información electrónica que se posúe nestes momentos.

Subscrición co FECYT (Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología) da licenza nacional para o acceso ao WoK (Web of Knowledge), que no caso das tres universidades galegas está xestionado a través do Consorcio.



9.2

9.2. F Marcha de voluntarios e voluntarias de distintas universidades españolas con motivo do ano Xacobeo, colaborando no desenvolvemento de accións de carácter ambiental e social en diferentes zonas e vilas polas que pasan os camiños de Santiago.

Actividades sociais: Arranxo de diferentes espazos de vivendas de persoas maiores e con escasos recursos.

Actividades ambientais: Colaboracións destinadas á rexeneración das zonas de interese, dende o acondicionamento do contorno de fontes, muíños ou pontes, ata a limpeza de zonas onde se realízan actividades de sendeirismo.



9.2

## 9.3
## Dinamizadora do territorio e activadora do tecido empresarial

9.3. A Continuación da intensa actividade do Programa UNIEMPRENDE, detectando proxectos empresariais, facilitando estruturas e servizos de apoio ao emprendedor e ofrecendo asesoramento para a creación de empresas, co obxecto de difundir a cultura emprendedora en toda Galicia.

| Creación de empresas | 2004 |
|---|---|
| Base tecnolóxica | 8 |
| Outras | 12 |
| Participadas por UNIRISCO | 5 |
| Valor da carteira | 246.703 € |




9.3. B Durante o ano 2004, a USC proseguiu coa súa actividade de transferencia e protección de resultados da investigación, por medio da xestión de patentes, aumentando en dous o número de patentes concedidas respecto o ano 2003.

| Patentes solicitadas 2003-2004 | 42 |
|---|---|
| Biomedicina e Farmacia | 28% |
| Acuicultura | 16% |
| Materiais | 20% |
| Tecnoloxía ambiental | 10% |
| Outros | 21% |
| Software | 16 (nº) |
| Licenciadas (8+2 en negociación) | |

9.3

# 10

# A aposta polas persoas: a USC e as súas traballadoras e traballadores

A aprobación do Plan de Calidade da USC no Consello de Goberno do 29 de setembro de 2004 supón un compromiso decidido polas persoas, xa que considera que a mellora na xestión non debe obedecer única e exclusivamente a unha formulación de profesionalidade e responsabilidade individual, senón que debe figurar dentro dos obxectivos comúns e compartidos pola comunidade universitaria.

O compromiso da USC no ano 2004 levou ao artellamento de políticas de persoal centradas na consolidación do cadro de persoal e a mellora da súa cualificación

Tamén son salientables as actuacións en materia de prevención de riscos relativos ao clima laboral. Consideramos que somos un espazo de xeración, xestión e transmisión de coñecemento no que debe convivir ciencia e xustiza, por iso, valorando as graves implicacións e consecuencias dos procesos de acoso psicolóxico e ante a inexistencia dunha regulamentación xurídica específica, a USC elaborou o Protocolo de Prevención e Resolución de Procesos de Acoso Psicolóxico nas Relacións Laborais.

## A aposta polas persoas: A USC e as súas traballadoras e traballadores

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| TOTAL PERSOAL DA USC (A 31 de decembro do período establecido) | 3.330 | 3.323 |

Persoal docente e investigador (PDI):

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| PDI | 2.182 | 2.172 |
| Funcionarios | 1.471 | 1.460 |
| Contratados | 711 | 712 |





PDI por áreas
Ciencias da saúde
22,80%
22,70%
Ciencias experimentais
27,20%
27,10%
Humanidades
19,80%
20%
Ciencias xurídicas e sociais
21,60%
21,70%
Ensinanzas técnicas
8,60%
8,50%
0%
5%
10%
15%
20%
25%
30%
2004
2003




PDI por categorías
Cat. Univ.t
14%
14,20%
Tit.
45%
45%
Cat.
1,80%
1,90%
Tit. EU
6,30%
6,40%
Axudantes
1,70%
1,60%
Asociado
25,60%
26%
Emérito
0,80%
0,40%
Interino
3,70%
1,70%
Outros
1%
2,80%
0%
10%
20%
30%
40%
50%
2004
2003


10

## Persoal de administración e servizos (PAS)

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| PAS | 1.148 | 1.151 |
| Funcionarios | 391 | 397 |
| Laboral fixo | 455 | 454 |
| Laboral eventual | 302 | 300 |

Persoal con cargo a actividades de I+D






10

## 10.1
## Actuacións Laborais

10.1. A No marco do Plan de Equilibrio Financeiro dáse acollida a políticas de estabilización de persoal docente e investigador en cumprimento das disposicións transitorias dos Estatutos relativas ás transformacións de profesorado asociado e axudantes e profesores contratados titulares ou doutores.

No mes de xullo apróbase a oferta de emprego público para o PAS formada por 216 prazas das diferentes categorías

10.1. B O aumento do número de Persoal Docente e Investigador (PDI) doutores, reforza o papel da USC na investigación no Sistema Universitario de Galicia, supoñendo o 40% dos investigadores equivalentes a dedicación plena do persoal total investigador da Comunidade Autónoma.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| PDI doutores | 1.691 | 1.701 |

10.1. C Compromiso da USC coa carreira profesional do PAS.

Dotación de 660.000 euros



10.1

# 10.2
## Formación

### 10.2. A Aprobación dun programa de formación específico para o PDI

O Programa de Formación e Innovación Docente ten por obxecto incidir de forma transversal en varios eixes e obxectivos do Plan de Calidade, co fin de impulsar a mellora continua da calidade na USC.

### 10.2. B Continuación do programa de formación do PAS

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Dotación orzamentaria | 162.280 € | 165.530 € |

### 10.2. C Accións formativas

**Dentro do acordo de promoción 2003-2006.**

**Organizados 4 cursos (5% sobre o total) con 58 admisións**

**Fóra do acordo de promoción 2003-2006.**

**Organizados 77 cursos (95% sobre ol total) con 970 admisións que supoñen 556 traballadores, o 48,3% do toal do PAS**



10.2

## 10.3
## Seguridade e saúde laboral

10.3. A Ampliación da oferta formativa en Prevención de Riscos Laborais ao persoal, reforzando tanto o número de prazas ofertadas coma as asistencias aos cursos por parte dos traballadores.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Prazas ofertadas | 61 | 247 |
| Traballadores asistentes | 41 | 103 |
| Duración total (horas) | 90 | 119 |

10.3. B Mantivéronse as actuacións previstas para previr a siniestrabilidade na USC a través do Servizo de Seguridade, priorizando as accións preventivas sobre as correctivas.

Aumento do número de accidentes laborais nun 33,33% respecto ao ano 2003, en especial pola incidencia dos accidentes "in itínere". Diminúe de xeito significativo a duración media das baixas por accidentes laborais.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Accidentes laborais "in itínere" | 3 | 6 |
| Accidentes laborais no posto | 9 | 10 |
| Días de baixa | 769 | 729 |
| Duración media | 64,08 | 45,56 |



10.3. C Continuouse coas campañas de vacinación (tétano, hepatite e gripe) ás/aos nosas/os traballadoras/es, actuando sobre un maior número de traballadores en relación co curso pasado.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| TOTAL | 506 | 590 |

10.3

**10.3. D** O Comité de Seguridade e Saúde acordou realizar unha avaliación dos factores de risco psicosociais en toda a USC seguindo o método ISTAS21 (CoPsoQ)

Segunda universidade española que aplica este método

**10.3. E** Aprobouse no Consello de Goberno do 20 de decembro do 2004 o "protocolo de prevención e resolución de procesos de acoso psicolóxico nas relacións laborais"

Para a resolución de conflitos derivados de casos de acoso psicolóxico, a USC contará coa Comisión de Resolución de Conflitos

**10.3. F** Implantación no Servizo de Prevención de Riscos dun Sistema de Xestión Medioambiental de acordo coa ISO 14001:2004, constituíndose un Grupo de Traballo de Medio Ambiente dependente do propio Servizo.

As principais accións levadas a cabo polo Grupo de Traballo na implantación do Sistema de Xestión, foron:

- Elaboración dun plan de acción para implantación do sistema
- Elaboración da documentación do sistema
- Implantación do sistema

10.3

## 10.3. G Recoñecementos médicos para o persoal da USC.



| Recoñecementos médicos | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Iniciais (cando se incorpora un novo traballador) | 18 | 74 |
| Periódicos ordinarios para a detección de riscos pola exposición a materiais ou produtos químicos e biolóxicos co fin de incorporalos á súa ficha | 269 | 417 |
| Petición propia (cando o traballador pensa que o posto de traballo ten ou pode ter algunha repercusión sobre a súa saúde. Cando presente algunha patoloxía que poida afectar á seguridade do traballo. | 25 | 22 |
| Petición empresa (Naqueles casos nos que se vexa algunha anomalía importante, ben sexa no comportamento ben no rendemento laboral ou no estado de saúde, e se considere necesaria a intervención do Servizo de Vixilancia da Saúde) | 1 | 15 |
| Especiais (cando as circunstancias do posto así o requiran) | 168 | 258 |

## 10.3. H Mantívose o programa de prácticas para estudantes que desexaban realizalas no Servizo de Seguridade e Saúde da USC.

| ESTUDANTES EN PRÁCTICAS |
|---|
| Estudantes da Escola Universitaria de Enfermaría (3 semanas) |
| Unha estudante da Facultade de Bioloxía (3 semanas) (Consello Social) |

10.3

## 10.4
## Beneficios sociais

10.4. A Mantemento das subvencións de prezos públicos de matrícula para as traballadoras/es activas/os e xubiladas/os da USC.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Subvencións concedidas | 3.104 | 3.033 |
| Importe en euros | 1.406.845,62 | 1.323.491,34 (*) |

10.4. B Mantense a oferta de gardaría infantil para as/os fillas/os dos membros da comunidade universitaria e incrementouse a oferta de prazas de comedor dando resposta á demanda de nais e pais traballadores da USC.

| ESCOLA INFANTIL BREOGAN | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Prazas gardaría | 90 | 90 |
| Prazas de comedor | 41 | 50 |

10.4. C Mantívose a retribución complementaria para manter o 100% dos salarios das/os traballadoras/es durante situacións de incapacidade transitoria.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| GASTO | 377.610,18 € | 361.414,89 € |

10.4. D Continuación da USC na promoción do Plan de Pensións, aumentando o importe dedicado a este tipo de subsidio en relación ao ano anterior, ao aplicar ao mesmo o aforro obtido na prima do seguro de vida.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| IMPORTE DESTINADO AO PLAN DE PENSIÓNS | 247.462,00 € | 373.714,05 € |



10.4

10.4. E Mantemento da cobertura de seguros de vida para o PAS.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| CUSTO DA ACHEGA DA USC O SEGURO DE VIDA | 117.156,11 € | 53.421,13 € |



10.4. F Mantemento do programa de intercambio de vacacións para o PAS das universidades adheridas ao convenio coa USC.

| DOTACIÓN ORZAMENTARIA | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Prazas ofertadas | 471 | 395 |
| Gasto | 53.420 | 51.835 |

10.4. G Anticipos reintegrables a todo o persoal en contía máxima de 2 mensualidades líquidas con período de reintegro antes de finalizar o ano natural, cun xuro do 0%

| | |
|---|---|
| TOTAL PERCEPTORES | 96 |

10.4

# 11

## Unha USC aberta e sensible ás necesidades sociais



A USC caracterízase por tratarse dunha institución que, ademais da súa función docente e investigadora, ten a obriga de dar resposta ás demandas da sociedade en moi diversos eidos, ao que hai que engadir o compromiso que mantén co desenvolvemento de accións pola paz e o progreso.

A realidade amosa que é moi salientable o impacto que os membros da comunidade universitaria teñen na configuración das cidades nas que están implantados os campus da USC, converténdose en axentes dinamizadores da vida cultural, deportiva e social das urbes de Lugo e Santiago de Compostela e os seus contornos.

Ao longo de 2004 a nosa Universidade impulsou dito ánimo dinamizador da vida socio-cultural desenvolvendo accións de calidade, abertas á comunidade universitaria e ao conxunto da cidadanía, coa vontade de facerlles partícipes das mesmas.

Neste sentido destacan as seguintes iniciativas: as acións dos voluntarios no eido social, co apoio e coordinación da Oficina do Voluntariado; o programa de visitas guiadas "Universidade Viva", que permite acceder á cidadanía a un patrimonio histórico-monumental mantido e protexido durante séculos pola nosa institución; as actividades públicas do Museo de Historia Natural "Luís Iglesias" e do Observatorio Astronómico "Ramón María Aller", moitas delas en franca colaboración con outras institucións; e a importante oferta que supón para os cidadáns galegos ter a súa disposición os fondos da nosa Biblioteca Universitaria.

A USC, no seu empeño de pór en valor a cultura como fonte xeradora de coñecemento proporcionou, ao longo do curso 2003-2004, créditos de libre configuración aos estudantes que participasen en actividades culturais.

Tamén é salientable a difusión das nosas producións propias (Aula de Teatro, Espazo de Danza Universitaria,...) en outros concellos de Galicia, e o apoio ao conxunto do deporte galego mediante a organización de diversos campionatos, así como o apoio ao deporte de alto nivel.

11

## 11.1
## Cultura

11.1. A Mantemento da oferta cultural da USC, levando a cabo diferentes actividades musicais, exposicións e cursos de verán, e potenciando a participación de todos os sectores da comunidade universitaria.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Concertos de música e danza | 53 | 44 |
| Exposicións | 22 | 26 |
| Ciclos de cine | 7 | 4 |
| Filmes proxectados | 35 | 70 |
| Cursos de verán | 20 | 20 |
| Matriculados en cursos de verán | 1.400 | 1.100 |

Apertura de novos camiños formativos a través dos programas con créditos de libre configuración: "Ópera Aberta" (en colaboración co Liceu de Barcelona).

Incentivación e implicación de alumnas/os de todas as grandes áreas e ámbitos académicos a través do "Programa Tribos Ibéricas", buscando a interconexión cultural a través de 5 ciclos musicais abertos a toda a comunidade universitaria.

11.1. B Organización do I Certame Campusons de Rock Universitario en Galego, en colaboración coa Universidade de Vigo, para promocionar a creatividade nun ámbito novo da actividade artística da comunidade universitaria, onde se presentaron 20 grupos.

11.1. C Incrementouse a oferta de cursos e ciclos de formación e extensión cultural: arte dramática, artes escénicas, fotografía e música contemporánea, promocionando o teatro a través da Aula de Teatro e a danza mediante o apoio ao Espazo de Danza.

29 Representacións teatrais e danza, destacando:
- X Festival Internacional de Teatro Universitario
- Colaboración coa II Mostra de Teatro Cidade de Lugo
- V Mostra de Teatro Universitario (Santiago)
- II Encontro Internacional de Danza Universitaria



11.1. D Exposicións permanentes do Museo de Historia Natural “Luís Iglesias”, con material xeolóxico, zoolóxico e botánico. O museo colaborou con outras institucións, universidades e entidades culturais para a organización de exposicións e actividades de divulgación.

- Coma principal exposición temporal cabe sinalar: “Abrindo os ollos á ciencia: as comunicacións e a meteoroloxía”, que tivo lugar no acto inaugural da Semana da Ciencia e Tecnoloxía 2004.
- Colaboración na exposición que tivo lugar no Museo do Pobo Galego “O Hospital Real de Santiago e a hospitalidade no camiño de peregrinación” organizada pola Oficina de Exposicións do Xacobeo 2004.
- Colaboración na exposición “Cen anos da Biblioteca América 1904-2004”.

- Cooperación en materia de préstamos, coma a realizada ao Arquivo Histórico Provincial de Lugo dunha serie de mostras mineralóxicas relacionadas coa minería de Galicia para a exposición “Expedientes de explotacións minerais no Arquivo Histórico Provincial de Lugo”.

11.1. E Entre os convenios de colaboración con entidades nacionais e internacionais para a difusión da ciencia caben sinalar:

- Convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a II fase da dixitalización de imaxes das coleccións de fauna de Galicia do Museo de Historia Natural “Luis Iglesias“ da USC, por un valor de 36.000 €.
- Convenio de cooperación coa Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia para a organización de actividades no marco da Semana da Ciencia e da Tecnoloxía en Galicia 2004, por un valor de 34.800 €.
- Mantemento dos proxectos do Marco Atlántico (relacionados co deseño e realización de museos universitarios) en colaboración coa Universidade de Porto (Portugal) sobre deseño e realización de museos universitarios.

11.1. F Programa de visitas de estudantes de ensino medio ao Museo de Historia Natural “Luis Iglesias”, sendo guiadas polo propio persoal do Museo.

| | |
|---|---|
| **Colexios que visitaron o Museo** | **177** |
| **Número total de estudantes visitantes** | **8.026** |

11.1

**11.1. G** Salientable actividade difusora do Museo de Historia Natural “Luis Iglesias” ao longo de 2004, no referente a publicacións culturais e de interese docente.

- Publicación do libro “O Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago” co financiamento do Parlamento de Galicia.
- Publicación do material didáctico para ensino secundario do Museo de Historia Natural, (presentado o 19 de abril, xunto con outras obras relacionadas co Día das Letras Galegas, e distribuído aos centros educativos pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; publicación enmarcada dentro do programa “A ponte entre o ensino medio e a USC”).

**11.1. H** Disposición do servizo de empréstito bibliotecario dos fondos da BUSC a calquera persoa que o solicite, sen que teña a condición de alumno.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| EMPRÉSTITOS A TERCEIROS | 25.598 | 18.516 (*) |

(*) Só se dispón de datos correspondentes ao período abril-decembro de 2004.



**11.1. I** Mantemento da colaboración da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC) con outras entidades, participando en diversas exposicións de ámbito galego.

- Cátedra Alejo Carpentier: exposición “Cuba na Biblioteca América” (Biblioteca Universitaria, Biblioteca América)
- “Pioneros del Trabajo Social: una apuesta por descubrirlos.” (Univ. Huelva)
- “A creación do necesario: o deseño do século XX en Galicia”. (Museo de Arte Contemporánea, Vigo).
- Don Ramón del Valle Inclán (Concello da Pobra do Caramiñal)
- “A Ribeira Sacra: esencia de espiritualidade de Galicia” (Lugo e Ourense)
- “Santiago y la Monarquía de España (1.504-1.788)”. (Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, Colexio de Fonseca)
- “Hasta el Confín del Mundo: diálogos de Santiago y Galicia con el mar”. Museo do Mar de Galicia (Vigo)
- “Santiago Apóstolo desde a memoria, Xacobeo 2004” (Igrexa San Domingos de Bonaval, Santiago)
- “Gandaría, Tesouro de Galicia”. (Museo do Pobo Galego, Santiago)
- Museo Pedagóxico de Galicia, Exposición de inauguración das instalacións
- “A Virxe Peregrina: Iconografía e culto” (Museo de Pontevedra)
- “Viaje de Cosme III de Medici a Compostela”. (Museo Diocesano, Santiago)
- “A Galicia moderna”. Centro de Arte Contemporánea (Santiago)

11.1

11.1. L Aumento dos usuarios do Servizo da Fonoteca Universitaria, poñéndose a disposición gravacións sonoras en diferentes formatos e sobre todos os xéneros musicais.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| USUARIOS | 380 | 431 |
| AUDICIONES | 1.105 | 1.028 |
| PRÉSTAMO DE CD | 5.169 | 4.866 |
| PROXECCIÓNS MUSICAIS | 20 | 20 |

11.1. M Organizáronse ciclos de divulgación musical na Fonoteca Universitaria, co fin de difundir a actividade cultural da USC a toda a sociedade.

Ciclo “Música en imaxes”, onde se proxectaban vídeos de temática musical, co fin de dar a coñecer diferentes aspectos da música segundo autores, intérpretes, instrumentos, xéneros, obras ou temáticas.

11.1. N Continuación da actividade do Observatorio Astronómico “Ramón María Aller” na súa labor de extensión universitaria, levando a cabo diversas conferencias e xornadas divulgativas, co fin de dar a coñecer e promocionar o estudo do universo a toda sociedade.

OBSERVATORIO ASTRONÓMICO “RAMÓN MARÍA ALLER”

| **Actividade de extensión cultural** | **Asistentes/Participantes** |
|---|---|
| Xornada de portas abertas co gallo do tránsito de Venus (8 de xuño) | 250 |
| Xornadas de astronomía “Longa noite de estrelas” en convenio oficial coa Xunta de Galicia | 300 |
| Recepción de numerosos grupos de escolares e outros colectivos con observacións nocturnas no Observatorio e diversas conferencias sobre astronomía. | Non se dispón |

11.1

11.1. Ñ Colaboración co Instituto Nacional de Meteoroloxía, na recollida de datos atmosféricos, para a elaboración dos informes meteorolóxicos oficiais.

Toma de datos diarios de temperatura, precipitación e humidade



## Universidade Viva

O programa de visitas guiadas 'Universidade Viva', ten por obxecto dar a coñecer o patrimonio da Universidade de Santiago de Compostela ao público. Comezou a súa actividade a comezos do ano 2004, tendo unha moi boa aceptación tanto por parte dos turistas como dos propios compostelás.

11.1. O Durante o curso 2003/2004 aumentou o número de visitantes, habendo una significativa participación de cidadáns de fora de Santiago de Compostela.

**Proxecto Universidade Viva**

| | |
|---|---|
| NÚMERO DE VISITANTES | 2.430 |
| PORCENTAXES RESPECTO Á ORIXE DOS VISITANTES | 50% congresos e visitas institucionais<br>50% asociacións |

11.1. P Ampliouse a oferta de cátedras, coa "Cátedra AstraZeneca de Calidade Asistencial en Patoloxía Cardiovascular"

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| NÚMERO DE CÁTEDRAS | 11 | 12 |

11.1



# 11.2
## Deporte

11.2. A Continuouse co programa de actividades deportivas, poñendo a disposición da comunidade universitaria as instalacións da USC para o desenvolvemento das diferentes actividades, campionatos, ligas e eventos deportivos de carácter nacional e internacional.

| Usuarios de actividades deportivas | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Matriculados en actividades deportivas | 5.047 | 5.220 |
| Usuarios de instalacións | 2.893 | 2.276 |
| Deportistas federados | 656 | 656 |



**Actividades, campionatos, ligas e eventos deportivos**

| | 2004 | Organización |
|---|---|---|
| Actividades deportivas | 27 | |
| Participacións en ligas universitarias | 4.086 | |
| Partidos disputados | 1.513 | |
| PaRticipantes en campionatos universitarios (xadrez, tenis de mesa, bádminton, tenis, natación, RAID, esgrima, judo promoción, kárate promoción e vela cruceiro | 412 | USC |
| Participantes en campionatos galegos universitarios (atletismo, campo a través, triatlón, voleibo del praia, vela cruceiro, orientación, dúatlon, fútbol PDI e PAS, deportes colectivos) | 231 | De xeito rotativo polas universidades do SUG |
| Participantes na organización dos “Xogos Galaico-Durienses” | | Polas universidades do SUG e as tres do norte de Portugal, Miño, Porto e Tras os Montes Alto Douro |
| Participantes nos Campionatos de España Universitarios | 144 | Consello Superior de Deportes |

Organizaciones extraordinarias:

- Campionato de España absoluto de campo a través (USC e Federación Galega de Atletismo)
- 7ª e 10ª Xornada da Liga Galega de Deporte de Orientación (USC)
- Campionato Galego Universitario de Atletismo (Universidade de Vigo)
- Campionato Galego Universitario de Deportes Colectivos (Universidade de Vigo)
- Fase Interzonal do Campionato de España Universitario de Rugby (Consello Superior de Deportes)

11.2

# 11.3
## Acción social e voluntariado




11.3. A A USC continuou co seu programa de actividades sociais e de voluntariado dirixidas a todo tipo de colectivos con necesidades especiais, a través da súa Oficina do Voluntariado.

11.3. B Continuidade das políticas de apoio a persoas con necesidades especiais, procurando a accesibilidade de todas as persoas con algún tipo de discapacidade física aos edificios da USC.

11.3. C Deseño e desenvolvemento da páxina web da USC conforme a criterios de accesibilidade universal, facilitando así a consulta a persoas con algún tipo de discapacidade visual.

11.3

Mantívose o número de persoas voluntarias respecto a anos anteriores, sobre todo nas colaboracións que se desenvolven dunha maneira continua durante o ano académico, destacando unha maior interese por participar en actividades de carácter puntual, desenvolvidas baixo o paraugas tanto da propia Oficina do Voluntariado como doutras institucións de grande sona.

As principais áreas de actuación foron:

- Apoio a persoas con necesidades especiais
- Actuacións no ámbito da infancia e menores
- Actuacións no ámbito da saúde
- Actuacións no ámbito da terceira idade
- Actuacións de atención primaria

| | Santiago de Compostela | | Lugo | | **Total** | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | 2004 | 2003 | 2004 | 2003 | 2004 |
| Programas desenvolvidos | 23 | 39 | 7 | 12 | 30 | 51 |
| Participantes | 275 | 631 | 32 | 55 | 307 | 686 |

Recoñecemento da páxina web da USC na 2ª Edición dos Premios de Tecnoloxía Accesible, como servizo de información e comunicación accesible a persoas que se atopan nunha situación de desvantaxe para o acceso aos instrumentos da sociedade da información.

2ª posición no ránking de universidades con mellor accesibilidade das páxinas web (Proxecto USABAIPO, promovido pola Asociación Interacción Persoa, e no que se involucra a distintos grupos de investigación españois ).

11.3. D Aumento da participación voluntaria en programas de apoio a nenos menores de 18 anos con problemas de inserción social, procurándolles apoio educativo, e facilitándolles participación en obradoiros lúdico-pedagóxicos (lectura, hábitos de conducta saudables...).

| | Santiago de Compostela 2003 | Santiago de Compostela 2004 | Lugo 2003 | Lugo 2004 | Total 2003 | Total 2004 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Voluntarioa | 69 | 50 | 11 | 12 | 80 | 62 |
| Menores atendidos | 165 | 178 | 34 | 15 | 199 | 193 |

11.3. E Continuouse co programa de actuacións no ámbito da saúde, coa participación de voluntarios da USC en departamentos e unidades do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS), así como desenvolvendo actividades de asistencia a persoas enfermas.

| | Santiago de Compostela 2003 | Santiago de Compostela 2004 | Lugo 2003 | Lugo 2004 | Total 2003 | Total 2004 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Voluntarios no ámbito da saúde | 107 | 84 | 3 | 3 | 110 | 87 |
| Persoas asistidas | 143 | 120 | 3 | 7 | 146 | 127 |

11.3. F No marco de actuacións sociais orientadas a asistencia de persoas maiores, continuouse desenvolvendo accións de acompañamento domiciliario, lecer e convivencia en residencias para maiores (xogos, paseos, lecturas...), aumentando o número de persoas maiores asistidas por voluntarios da USC.

| | Santiago de Compostela 2003 | Santiago de Compostela 2004 | Lugo 2003 | Lugo 2004 | Total 2003 | Total 2004 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Voluntarios | 48 | 39 | 40 | 5 | 52 | 44 |
| Persoas maiores asistidas | 102 | 80 | 2 | 6 | 104 | 86 |

11.3. G A Oficina do Voluntariado mantivo o seu apoio a entidades sociais e benéficas, colaborando na integración e sensibilización de persoas con dificultades.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| VOLUNTARIOS NA COCIÑA ECONÓMICA, AXUDANDO NAS QUENDAS DE COMIDA E CEA PARA FACILITARLLES O TRABALLO AOS RESPONSABLES DO SERVIZO | 23 | 10 |

Outras accións puntuais levadas a cabo polos voluntarios adscritos a Oficina do Voluntariado da USC:

- Comercio Xusto: no que participaron 10 voluntarios
- Resto programas  no que participaron 110 voluntarios

11.3

11.3. H No referente a concienciación e proxección social, a Oficina do Voluntariado, aumentou en 12 o número de asociacións coas que colaborou.

11.3. I Apoio e asesoramento da Oficina do Voluntariado para a creación da Asociación de Intercambio Internacional da USC (AIIUSC), para apoio dos estudantes de nova incorporación asociados principalmente aos programas de intercambio (Erasmus, Sicue...), facilitando a súa mobilidade.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| VOLUNTARIOS PARTICIPANTES | 14 | 24 |
| ESTUDANTES ASESORADOS | 350 | 400 |

11.3. L Recoñecemento da Oficina do Voluntariado da mención á Responsabilidade Social Corporativa na categoría Educación da VI Edición dos Premios ás mellores prácticas do Club de Gestión de la Calidad (celebrados o 16 de marzo de 2004).

11.3. M Distinción dunha voluntaria da USC no I Premio Humanitas, outorgado pola Asociación de Antigos Alumnos e Amigos e o Consello Social da Universidade de Santiago, no que se salientaban as calidades humanas das persoas pola súa dedicación a actividades solidarias, sociais e humanitarias.




Na súa I edición o premio recaeu nunha voluntaria da USC polos seus traballos na Unidade de Desordes Alimentarias do Hospital Provincial de Santiago; por centrar os seus esforzos en establecer relacións interpersoais coas enfermas internas na Unidade de Desordes Alimentarias do Hospital Provincial de Santiago.

# 12

# O compromiso co desenvolvemento sostible e o noso comportamento ambiental

Tras a súa aprobación no ano 2003 púxose en marcha no ano 2004 o “Plan de Desenvolvemento Sostible da USC”, elaborado pola Comisión de Calidade e Planificación Estratéxica, no que se contou coa participación da comunidade universitaria.

No marco do Plan levaronse a cabo iniciativas concibidas dentro dos seus eixes de actuación, a saber:

- Xeración de coñecemento e educación ambiental
- Planificación, xestión e avaliación medioambiental
- Divulgación, participación e sensibilización

Entre elas, cabe destacar a convocatoria de 25 bolsas de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria para o curso 2003/2004, tendo unha moi boa acollida por parte dos estudantes, así como o establecemento de coordinadores de sostibilidade en 25 centros docentes.

A consolidación do Plan de Optimización Enerxética nos campus de Santiago e Lugo, permítenos acadar uns salientables resultados en canto a eficiencia enerxética, coa conseguinte racionalización do custo correspondente e unha diminución do impacto ambiental.

No referente á xestión ambiental destaca a experiencia piloto de implantación dun Sistema de Xestión Ambiental, segundo a norma UNE-EN-ISO 14001:2004, no Servizo de Prevención de Riscos Laborais, feito destacable por ser este servizo o encargado da Xestión de Residuos Perigosos da USC. Este servizo tamén foi o encargado da implantación das medidas para levar a cabo os obxectivos de minimización de residuos recollidos, consonte ao Plan de Minimización de Residuos Perigosos da USC presentado na Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, no ano 2003.

## 12.1
## Xeración de coñecemento en sostibilidade e educación ambiental

Durante o ano 2004, púxose en marcha o Plan de Desenvolvemento Sostible da USC (PDS), elaborado pola Comisión de Calidade e Planificación Estratéxica, contando coa participación da comunidade universitaria.

Este Plan establece un compromiso coa sociedade asumido por toda a comunidade universitaria e que debe estar presente en todas as actividades que se desenvolvan na USC.

12.1. A Pioneiros, entre as universidades españolas, no establecemento dunha convocatoria de bolsas de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria (SPIU), en colaboración coa Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Institucionais, entendéndose que a participación do estudantado nas actividades do Plan de Desenvolvemento Sostible é clave na súa formación.

12.1. B Estableceronse contactos con membros da USC implicados en actividades relaciaonadas co plan de desenvolvemento sostible co fin de nomear coordinadores que dinamicen o mesmo.



Nomeamento en 27 dos 28 centros docentes da USC dun coordinador co labor de canalizar a participación do centro en actividades do Plan de Desenvolvemento Sostible, traballando como nexo coa coordinación xeral do Plan e supervisando a actividade dos bolseiros de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria nos centros.

12.1

12.1. C Potenciouse a participación, concienciación e integración de estudantes de primeiro e segundo ciclo no desenvolvemento do Plan de Desenvolvemento Sostible, así como as accións de divulgación respecto o propio Plan e os seus obxetivos.

- Dinamización das accións do Plan de Desenvolvemento Sostible entre os estudantes, en colaboración co coordinador da Plan de Desenvolvemento Sostible do seu centro.
- Activación das campañas dirixidas a estudantes en temas de participación social e voluntariado.
- Concienciación e apoio ás accións de integración dirixidas á comunidade universitaria de cada centro.
- Coordinación en cada centro da difusión de información sobre cursos, seminarios, xornadas e actividades relacionadas coa sostibilidade, a participación social e a integración universitaria.
- Convocatoria de 2 “bolsas verdes” anuais da USC polo Servizo de Residencias Universitarias.
- Presentación do Plan de Desenvolvemento Sostible en congresos, xornadas e cursos.
- Celebración de datas de interese ambiental mediante a organización de actos que faciliten a participación da estudantado.
- Comezo da elaboración do web do Plan de Desenvolvemento Sostible.

## Educación ambiental

A educación ambiental preséntase coma unha necesidade fundamental para acadar os compromisos establecidos no Plan de Desenvolvemento Sostible e o Plan Estratéxico da USC, tentando integrar o respecto ao medio ambiente e a súa sostibilidade na formación das persoas.

12.1. D Fortalecemento da educación ambiental a través dunha ampla oferta académica en temas relacionados coa sostibilidade; destacando a titulación propia de 2º ciclo de Enxeñaría Ambiental.



12.1. E Participación nas reunións do comité executivo do I Seminario Permanente de Ambientalización da CRUE, así como en diversas xornadas de sensibilización ambiental.

Participación nas 3 reunións do comité executivo do Seminario Permanente de Ambientalización da CRUE.
I Xornadas do Seminario Permanente de Ambientalización da CRUE adicadas a participación, Universidade e Medio Ambiente.
Campañas de sensibilización e educación ambiental.

12.1. F Leváronse a cabo accións de divulgación e fomento das enerxías renovables na USC e comezouse o planeamento da Aula de Enerxías Renovables, tentando integrar o respecto ao medio ambiente e a súa sostibilidade na formación das persoas

12.1

## 12.2
## Planificación, xestión e avaliación ambiental das nosas actividades

12.2. A Implantación dun Sistema de Xestión Ambiental segundo a norma UNE-EN-ISO 14001:2004, consonte á aposta por unha xestión ambiental eficiente, no Servizo de Prevención de Riscos (SPR), así coma a realización dunha auditoría interna previa á certificación.

O alcance do sistema implica todas as instalacións e actividades das distintas unidades do SPR:

- Seguridade
- Servizo de Vixilancia da Saúde
- Servizo de Protección Radiolóxica
- Unidade de Xestión de Residuos
- Oficina de Xestión

O obxectivo do Sistema de Xestión Ambiental implantado é o de garantir o cumprimento da lexislación medioambiental, establecendo un compromiso de mellora continua a través de mecanismos que permitan controlar os aspectos medioambientais: residuos, vertidos, ruídos, etc.

12.2. B Desenvolvéronse prácticas destinadas a maximizar os beneficios e diminuír os riscos ambientais da actividade universitaria por medio de convenios con entidades para o estudo destes factores de risco.

Realizouse nas facultades de Farmacia, Química e Bioloxía unha avaliación do ruído acústico.

Desenvolvéronse actividades nas cafetarías universitarias, mediante o establecemento de “cafetarías verdes”, asinando convenios de colaboración para o reciclado de aceites usados, recollida de vidro e envases lixeiros para reciclar, …

12.2

## Xestión enerxética

12.2. C Continuouse co Plan de Optimización Enerxética (POE), pioneiro entre as universidades españolas, reducíndose notablemente o consumo de enerxía en toda a USC, debido ao aproveitamento enerxético obtido coas plantas de coxeración.



12.2. D O control integral das instalacións do POE levouse a cabo a través do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas, monitorizando e supervisando datos de consumo enerxético.

Analizáronse datos relativos a consumos de:
- Enerxía eléctrica de alta e baixa tensión
- Gas
- Iluminación e forza
- Calefacción e caldeiras
- Ascensores
- Detección e extinción de incendios
- Sistemas de seguridade
- Vertidos á atmosfera

12.2. E Establecemento das liñas xerais para a creación dun Sistema Centralizado de Mantemento (SCM) nos vindeiros anos, co obxectivo de dotar á USC dunha organización do mantemento áxil e eficaz, que permita resolver os fallos e avarías que se produzan nas instalacións dunha forma rápida e efectiva.

Este novo sistema permitirá:
- Limitar o deterioro das máquinas, equipos e instalacións.
- Reducir os custes e as perdas de servizo provocados polos fallos e avarías das máquina.
- Achegar, desde a experiencia e coñecemento adquirido, asistencia para o desenvolvemento de novos proxectos e novas instalacións

12.2

12.2. F Amplíouse a dotación do sistema de telesupervisión de instalacións a máis edificios e instalacións da USC, co fin de dispoñer de enerxía eléctrica e auga quente a través dun sistema propio de coxeneración.



12.2

| Campus | Cod. Edif. | Edificios / Instalacións | Telesupervisados | Coxeración |
|---|---|---|---|---|
| CS | E-140 | CASA DE VIVENDAS FUNCIONARIOS | SI | |
| CS | E-145 | ESCOLA INFANTIL BREOGÁN | SI | SI |
| CS | E-150 | FACULTADE DE FARMACIA | SI | SI |
| CS | E-155 | PISCINA UNIVERSITARIA | SI | SI |
| CS | E-170 | FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS/EU RELACIÓNS LABORAIS | SI | SI |
| CS | E-175 | FACULTADE DE DEREITO | SI | SI |
| CS | E-180 | PISTAS O AIRE LIBRE | SI | |
| CS | E-185 | CAMPO DE FÚTBOL | NON | |
| CS | E-190 | CASA GRARDÍN | | |
| CS | E-195 | PAVILLÓN POLIDEPORTIVO | SI | |
| CS | E-200 | PAVILLÓN DE SERVIZOS | SI | |
| CS | E-205 | FACULTADE DE BIOLOXÍA | SI | SI |
| CS | E-210 | FACULTADE DE MATEMÁTICAS | SI | SI |
| CS | E-215 | ANIMALARIO XERAL | | |
| CS | E-220 | EDIFICIOS USOS MULTIPLES MONTE DA CONDESA | SI | SI |
| CS | E-225 | FAC. FILOS., PSIC. E CC. EDUCACIÓN - FACULTADE DE PSICOLOXÍA | SI | SI |
| CS | E-230 | FAC. FILOS., PSIC. E CC. EDUCACIÓN - SERVIZOS COMÚNS | SI | SI |
| CS | E-235 | FAC. FILOS., PSIC. E CC. EDUCACIÓN - FACULTADE DE CC. EDUCACIÓN | SI | SI |
| CS | E-240 | FAC. FILOS., PSIC. E CC. EDUCACIÓN - FACULTADE DE FILOSOFÍA | SI | SI |
| CS | E-250 | PAVILLÓN ESTUDANTES | SI | SI |
| CS | E-255 | FACULTADE DE FÍSICA | SI | |
| CS | E-260 | ANIMALARIO BIOLOXÍA | | |
| CS | E-265 | INVERNADOIRO BIOLOXÍA | | |
| CS | E-275 | GARAXE CAMPUS | | |
| CS | E-290 | INST. DE INVESTIGACIÓN A - INSTITUTO DE ACUICULTURA | SI | |
| CS | E-295 | INST. DE INVESTG. B - INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS E ANÁLISES ALIMENTARIAS | SI | |
| CS | E-300 | INST. DE INVESTG. C - INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS TECNOLÓXICAS | SI | |
| CS | | ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑERÍA | SI[2] | |
| CS | | AULARIO FACULTADE DE PSICOLOXÍA | SI[1] | SI |
| CS | | AMPLIACIÓN FACULTADE DE C. POLÍTICAS | SI | SI |
| CS | | CENTRO DE APOIO CIENTÍFICO E TÉCNICO DA USC (CACTUS) | SI | |
| CS | | MÓDULO DE COXERACIÓN PSICOLOXÍA | SI | |
| CS | | MÓDULO DE COXERACIÓN POLÍTICAS | SI | |
| CS | | MÓDULO DE COXERACIÓN IMPRENTA | SI | |
| CS | | MÓDULO DE COXERACIÓN ATLETISMO | SI | |
| CS | | MÓDULO DE COXERACIÓN EDIF. MONTE DA CONDESA | SI | |
| CS | | PUNTO SUBMINISTRACIÓN GAS NATURAL | | |
| CS | | PUNTO INTERCONEXIÓN CON UNIÓN FENOSA | | |
| CS | | 2 CONTADORES GLOBAIS AQUAGEST | | |

(CS - Campus Santiago)

## Datos de consumo enerxético

12.2. G Electricidade:
Maior aproveitamento da enerxía eléctrica producida polas plantas de coxeración da USC, reducindo significativamente o consumo á compañía subministradora.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Autoxeración de enerxía electrica (Kwh) | 7.503.687 | 8.484.584 |
| Porcentaxe sobre o total de consumo eléctrico | 32,43% | 43,88% |
| Aproveitamento da coxeración en enerxía calorífica (Gasóleo-litros) | 862.578 | 628.559 |
| Porcentaxe sobre o total de consumo de enerxía calorífica | 39,84% | 34,87 % |



| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Total consumo electricidade (Kwh) | 23.136.155 | 19.335.334 |
| Contribución por parte da compañía distribuidora (kwh) | 15.631.838 | 10.850.750 |
| Contribución sobre o total | 67,56% | 56,12% |
| Contribución da planta de coxeración (Kwh) | 7.503.687 | 8.484.584 |
| % sobre o total | 32,43% | 43,88% |
| Xeración de electricidade (Kwh) | 9.644.789 | 10.492.373 |
| Venda de enerxía excedente (Kwh) | 2.141.102 | 2.007.789 |

12.2. H Redúcese o consumo de gasóleo debido ao aproveitamento do calor producido polas plantas de coxeración da USC.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Litros gasóleo necesarios para satisfacer a demanda enerxía calorífica da USC | 2.164.885 | 1.802.346 |
| Total consumo gasóleo (litros) | 1.302.307 | 1.173.787 |
| Redución do consumo de gasóleo por aproveitamento da coxeración (litros) | 862.578 | 628.559 |

12.2

12.2. I Gas:

Descenso no consumo total de gas, debido ao aproveitamento da enerxía calorífica producida polas plantas de coxeración da USC.

12.2. L Auga:

Lixeiro aumento no consumo de auga, debido a creación de novas instalacións e edificios nos campus de Santiago de Compostela e Lugo na USC.

| CONSUMO DE GAS (KWH) | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Total consumo gas | 33.919.369 | 27.490.861 |

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Consumo Campus Santiago | 321.956 | 326.918 |
| Consumo Campus de Lugo | 30.375 | 39.310 |
| Total USC | 352.331 | 366.228 |

Consumo auga $m^3$




12.2

12.2. M Emisións:

Mantemento dos controis de emisións á atmosfera dentro dos niveis establecidos na lexislación vixente (control de 11 focos dos grupos de coxeración) e redución das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI)

12.2. N Residuos:

Recompiláronse datos iniciais no ámbito da xestión de residuos, a través da súa Unidade de Xestión, unidade pioneira entre as universidades españolas, realizándose enquisas en cada residencia e colexio maior.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| Emisión de gases de efecto invernadoiro (GEI (*) | 19.989,94 TM de $CO_2$ | 16.699,81 TM de $CO_2$ |

(*) Para o cálculo de emisións de $CO_2$ emprégase unha fórmula que ten en consideración as emisións asociadas ao consumo de gas, gasóleo e electricidade, incorporando uns factores de conversión recoñecidos internacionalmente. O dato de emisións do 2003 modificouse respecto ao que figuraba na Memoria do ano pasado, xa que só tiña en consideración as emisións de $CO_2$ asociadas á electricidade. Na presente Memoria, recalculáronse as emisóns de gas, gasóleo e electricidade para poder comparar os datos de ambos períodos.

O alcance da enquisa trataba sobre refugallos coma papel e cartón, tóner, pilas, aceite e outros residuos.

## RECOLLIDA DE PILAS

Quen realiza a recollida de pilas nos colexios maiores e residencias?

USC 33%
CONCELLOS 67%



## RECOLLIDA DE TONERS

Recollida de tóner nos colexios maiores e residencias

NON 33%
SI 67%



Quen realiza a recollida de tóner nos colexios maiores e residencias da USC?

EMPRESAS ALLEAS 25%
USC 75%



## RECOLLIDA DE ACEITES DE FRITURA

Servizo de cafetaría ou comedor nos colexios maiores e residencias da USC




## RECOLLIDA SELECTIVA DE LIXO (incluído vidro)

Servizo de cafetaría ou comedor nos colexios maiores e residencias da USC




## RECOLLIDA DE OUTROS RESIDUOS

A Unidade de Xestión de Residuos do Servizo de Prevención de Riscos da USC (UXRP) recolleu os tubos fluorescentes nos centros docentes, mentres que os servizos municipais proceden á recollida do material voluminoso.

12.2. Ñ Continuouse co proceso de separación de residuos, aumentando o número de agrupacións respecto ao ano pasado.

| | 2003 | 2004 |
|---|---|---|
| AGRUPACIÓNS DIFERENTES REALIZADAS | 20 | 32 |

NOTA: Modificouse o dato do exercicio 2003, no que figuraban 32 agrupacións, sendo o dato correcto o que figura nesta táboa.

12.2. O Mantívose o convenio de colaboración con operadores do sector para a xestión dos residuos urbanos en todos os edificios dos campus de Santiago e Lugo.

Existencia de 5 sistemas de recollida selectiva, así como o establecemento de 25 puntos limpos nos campus de Santiago de Compostela e Lugo

12.2. P Levouse a cabo unha campaña para a xestión de residuos eléctricos, electrónicos e telemáticos, deseñada polo Servizo de Prevención de Riscos da USC.



12.2

12.2. Q Implantación dun plan de minimización de residuos tóxicos e perigosos nos centros da USC que máis producen dentro de cada categoría.

| Datos xeración residuos perigosos | 2003 | 2004 |
| --- | --- | --- |
| **RESIDUO** | **Kgs.** | **Kgs.** |
| Residuos de laboratorio en pequenos envases | 2.404 | 3.745 |
| Disolventes haloxenados | 6.740 | 4.565 |
| Disolventes non haloxenados | 8.420 | 4.840 |
| Disolucións inorgánicas alcalinas | 200 | 250 |
| Disolucións inorgánicas ácidas | 330 | 365 |
| Disolucións con metais pesados | 3.218 | 2.570 |
| Disolucións acuosas de compostos orgánicos | 840 | 1.545 |
| Auga residual con materia orgánica | 357 | 570 |
| Silicaxel contaminado | 580 | 460 |
| Líquidos de revelado fotográfico | 1.340 | 1.610 |
| Mercurio metálico | 60 | 25 |
| Baterías salinas | 150 | 220 |
| Baterías de chumbo | 105 | 180 |
| Placas radiográficas | 170 | 200 |
| Filtros-resinas de intercambio iónico | 105 | 15 |
| Cerámica con mercurio | 0 | 10 |
| Aceites usados | 660 | 1.150 |
| Equipos electrónicos | 250 | 20.350 (*) |
| Residuos de envases metálicos | 564 | 350 |
| Vidro de laboratorio e envases de vidro | 3.300 | 2.700 |
| Envases baleiros contaminados | 968 | 1.272 |
| Gasóleo con auga | 1.500 | - |
| Material contaminado con fuel óleo | 375 | 140 |
| Filtros de aceite | 15 | - |
| Tubos fluorescentes | 584 | 1.375 |
| Residuo biosanitario especial | 2.894 | 2.310 |
| Residuo citotóxico | 4.835 | 5.515 |
| Tóner e tintas de impresión | 180 | 380 |

A variación interanual dos residuos xustifícase pola implantación deste sistema de recollida específica que incide na mellora da súa segregación.

(*) Durante o ano 2004 almacenáronse os equipos electrónicos fora de uso de todos os centros antes da súa recollida por un xestor autorizado.

12.2. R Levouse a cabo un programa de substitución de equipos informáticos obsoletos por equipos máis modernos, xestionándoos como refugallos electrónicos.

Substitución de equipos obsoletos: 20.000Kg, por un custo de 1.035.000€, no ámbito da Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico (RIAIDT)

12.2

# Anexo I. Resumo indicadores GRI

Segundo os criterios da Guía GRI 2002 para a elaboración de memorias de sostibilidade, detallamos na taboa adxunta, as correspondencias dos indicadores desta Guía cos capítulos da memoria de Responsabilidade Social 2004 onde se ven reflectidos de maneira directa ou indirecta.

| CAPÍTULO | ÁMBITO | ASPECTO | INDICADOR GRI | APARTADO MEMORIA RSC |
|---|---|---|---|---|
| 1. VISIÓN E ESTRATÉXIA | | | 1.1 | 2 |
| | | | 1.2 | 1 // 2 |
| 2. PERFIL DA EMPRESA | | | 2.1 | 4 |
| | | | 2.2 | 5 // 6 |
| | | | 2.3 | 4.4 |
| | | | 2.4 | 4 |
| | | | 2.5 | 1 // 2 |
| | | | 2.6 | 1 // 2 |
| | | | 2.7 | 3 |
| | | | 2.8 | 8 // 10 |
| | | | 2.9 | 3 |
| | | | 2.11 | 3 |
| | | | 2.12 | 3 |
| | | | 2.13 | 3 |
| | | | 2.14 | 3 |
| | | | 2.15 | 3 |
| | | | 2.16 | 3 |
| | | | 2.17 | 3 |
| | | | 2.18 | 8 |
| | | | 2.19 | 9 |
| | | | 2.20 | 8 |
| | | | 2.22 | 3 |
| 3. SISTEMA DE XESTIÓN | | | 3.1 | 4.4 |
| | | | 3.2 | N / A |
| | | | 3.3 | N / A |
| | | | 3.4 | N / A |
| | | | 3.5 | N / A |
| | | | 3.6 | 4 |
| | | | 3.7 | 2 |
| | | | 3.8 | N / A |
| | | | 3.13 | 3 |
| | | | 3.14 | 1//2//10//11//12 |
| | | | 3.15 | 12 |
| | | | 3.16 | 12 |
| | | | 3.17 | 9 |
| | | | 3.19 | 8 |
| | | | 3.20 | 8 // 12 |

| CAPÍTULO | ÁMBITO | ASPECTO | INDICADOR GRI | APARTADO MEMORIA RSC |
|---|---|---|---|---|
| 5. INDICADORES DE ACTUACIÓN | ECONÓMICO | CLIENTES | EC1 | N / A |
| | | | EC2 | N / A |
| | | PROVEEDORAS/ES | EC3 | 8 |
| | | EMPREGADAS/OS | EC5 | 8 // 10 |
| | | PROVEEDORES DE CAPITAL | EC7 | 8 |
| | | SECTOR PÚBLICO | EC8 | 8 |
| | | | EC9 | 8 |
| | | | EC10 | 11 |
| | | | EC12 | 11 |
| | | IMPACTOS ECONÓMICOS INDIRECTOS | EC13 | 9 |
| | AMBIENTAL | MATERIAS PRIMAS | EN1 | 12 |
| | | | EN2 | 12 |
| | | ENERXÍA | EN3 | 12 |
| | | | EN17 | 12 |
| | | | EN18 | 12 |
| | | AUGA | EN5 | 12 |
| | | | EN20 | N / A |
| | | | EN21 | N / A |
| | | BIODIVERSIDADE | EN6 | N / A |
| | | | EN7 | N / A |
| | | | EN23 | 4 |
| | | | EN24 | N / A |
| | | | EN25 | N / A |
| | | | EN26 | VN / A |
| | | | EN27 | N / A |
| | | | EN28 | N / A |
| | | | EN29 | N / A |
| | | EMISIÓNS, EFLUENTES E RESIDUOS | EN8 | 12 |
| | | | EN11 | 12 |
| | | | EN12 | 12 |
| | | | EN31 | 12 |
| | | PRODUTOS E SERVIZOS | EN14 | 12 |
| | | | EN15 | N / A |

| CAPÍTULO | ÁMBITO | ASPECTO | INDICADOR GRI | APARTADO MEMORIA RSC |
|---|---|---|---|---|
| 5. INDICADORES DE ACTUACIÓN | SOCIAL | EMPREGO | LA1 | 10 |
| | | | LA2 | 10 |
| | | | LA12 | 10 |
| | | | LA4 | 10 |
| | | | LA13 | 4 // 10 |
| | | SAÚDE E SEGURIDADE | LA5 | 10 |
| | | | LA6 | 10 |
| | | | LA7 | 10 |
| | | | LA14 | 2 //10 |
| | | EDUCACIÓN E FORMACIÓN | LA9 | 10 |
| | | | LA16 | 10 |
| | | | LA17 | 10 |
| | | DIVERSIDADE E OPORTUNIDADE | LA10 | 10 |
| | | | LA11 | 10 |
| | | ESTRATEXIA E XESTIÓN | HR1 | 2 |
| | | | HR2 | 2 |
| | | NON-DISCRIMINACIÓN | HR4 | 2 |
| | | TRABALLO INFANTIL | HR6 | 2 // 10 |
| | | TRABALLO FORZOSO E OBRIGATORIO | HR7 | 2 // 10 |
| | | DEREITOS INDÍXENAS | HR12 | N / A |
| | | | HR13 | N / A |
| | | | HR14 | N / A |
| | | COMUNIDADE | SO1 | 9 |
| | | | SO4 | 9 // 11 // 12 |
| | | | SO5 | N / A |
| | | COMPETENCIA E PREZOS | SO6 | N / A |
| | | | SO7 | N / A |
| | | SEGURIDADE E SAÚDE CLIENTES | PR1 | 10 |
| | | | PR4 | 10 |
| | | | PR5 | N / A |
| | | | PR6 | N / A |
| | | PRODUTOS E SERVIZOS | PR2 | N / A |
| | | | PR7 | N / A |
| | | | PR8 | 5 |
| | | PUBLICIDADE | PR9 | N / A |
| | | | PR10 | N / A |



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA